

guitiriz

CHMS e Concello únense para mellorar o sistema de saneamento. **Páx. 13**

castro de rei

Licitan a xestión da residencia de maiores de titularidade municipal. **Páx. 15**

a pastoriza

Adega pide paralizar as canteiras de lousa de Xemil e Campo do Oso. **Páx. 20**

muras

O edil popular Julio Díaz deixa o partido e pasa ao grupo mixto. **Páx. 24**

deportes

O Castro disputará a final da Copa Galicia co Burela en Semana Santa. **Páx. 30**

A dependencia, a debate

O Pleno esixirá á Xunta que retire as reformas que fixo na lei "porque deterioran a atención" nos Servizos de Axuda no Fogar dos concellos



Vilalba mellora o servizo para autocaravanas

O concello contará cunha área de atención para estes viaxeiros no espazo da Madalena. **Páx. 2**

Friol, pioneiro no tratamento do autismo

Arrancan as obras do primeiro centro de atención integral de Galicia, nun gran acto. **Páx. 11**

Xosé Ferreiro despídese da política

Deixa a súa acta de concelleiro en Outeiro de Rei despois de dez anos. **Páx. 18**

CEIP A Magdalena



O colexio das Pontes celebra o seu 50 aniversario. **Páx. 9**

Pregoeiro da Moexmu



Entrevista a Ricardo José Durán, que abrirá a feira multisectorial. **Páx. 23**

Morcegos de Galicia



Entrevista a un dos biólogos deste colectivo que ten sede nas Pontes. **Páx.26**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

2x1

En lentes progresivas e monofocales

PARA TI OU PARA QUEN TI QUEIRAS

*Promoción válida ata o 31 de marzo.

Renovado o vial que une Cal da Pena con Vilariz e O Carboeiro na parroquia de Oleiros

O tenente de alcalde Modesto Renda anunciou a renovación da vía que une o Cal da Pena, Vilariz e o Carboeiro, na parroquia de Oleiros.

O custe desta nova rexeneración completa foi de 34.415 euros e a obra consistiu na renovación total do firme de todo o tramo comprendido entre a estrada de titularidade provincial LU-P-6510 ao seu paso por Oleiros ata o límite da parroquia co veciño Concello de Cospeito.

Renda contextualizou a gran importancia desta nova actuación por tratarse dunha vía "fundamental para as conexións desta parroquia" e avanzou que dende o Concello se están a preparar xa novas actuacións na súa contorna.

Vilapedre celebrará o sábado 22 a Festa do Entroido

A localidade vilalbesa de Vilapedre celebra o sábado 22 de marzo, a súa festa de Entroido, na casa escola a partir das 21.00 horas.

Esta consistirá nunha cea a base sopa de cocido, cocido completo, sobremesa, bebidas, café e licores para os adultos e macarróns á boloñesa para os nenos. Tamén haberá chocolate e biscoito. Todo terá un prezo de 35 euros para público en xeral e de 25 para socios. Os menores de 12 anos pagarán 20 euros.

Durante a noite haberá concurso de disfraces con premios e a sesión musical con baile estará a cargo de Puzzle Animación.

As persoas interesadas en asistir deberán anotarse antes do 17 de marzo cos membros da asociación de veciños.

Vilalba contará cunha área de servizo para autocaravanas na Madalena

O Concello de Vilalba vén de anunciar unha nova obra que realizará a Concellería de Infraestruturas Urbanas para instalar a nova área de servizo para autocaravanas na área recreativa da Madalena.

Un cambio de localización "que dá resposta á petición que nos fixeron chegar dende a Asociación Galega de Autocaravanas para dotar de máis espazo a esta área e, á súa vez, situala nun enclave natural único e idóneo para os turistas que visitan a nosa vila en autocaravana", explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco. As actuacións, cun orzamento estimado de 34.707 euros, pretenden ampliar a oferta turística da localidade e estarán centradas na adecuación dun aparcamento para autocaravanas con capacidade para sete prazas que ofrecerá un servizo para a recarga de auga potable e a posibilidade de vertedura de augas grises e negras.



Así, a área de autocaravanas deixará de estar localizada no campo da feira, onde se instalará nas vindeiras datas unha innovadora pista multiocio, e pasará a estar integrada na área recreativa da Madalena, concretamente na explanada de aparcamento xunto á piscina municipal climatizada.

A área para uso exclusivo de autocaravanas contará cunha superficie construída de 504 metros cadrados na que se instalará unha plataforma e sumidoiro para augas grises, unha arqueta de baleirado de WC náutico, un sumidoiro para

augas negras, unha billa para limpeza e outro para auga potable, un borne eléctrico con diversas tomas de corrente, papeleiras, e catro colectores para a correcta separación e reciclaxe dos residuos (materia orgánica, plástico, vidro e papel).

"Unha inversión con cargo integralmente ás arcas municipais que poderá converterse nun verdadeiro atractivo turístico para os viaxeiros e viaxeiras que chegan a Vilalba en autocaravana, sendo estes cada vez un número maior", salientou o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández.

Finalmente, a alcaldesa, Marta Rouco asegurou que "a Asociación Galega de Autocaravanas, ademais de facernos chegar esta petición, tamén amosou recentemente o seu interese neste cambio de localización que prevemos inaugurar cunha concentración de caravanistas na nosa vila".

O FIV presenta o seu cartel por días da edición do 25 e 26 de abril

O FIV de Vilalba, un dos eventos máis especiais da música independente en Galicia, anunciou o seu cartel xa repartido por días. O grupo de indie pop Varry Brava, con máis de dez anos de traxectoria na primeira liña da escena musical nacional; o cantautor catalán Joe Crepúsculo e banda Cycle, de xira polo seu 20 aniversario, son os nomes que se engaden a unha proposta na que xa se presentaron Shinova, León Benavente, The Rapants ou Leria. O Escenario Vibra Mahou acollerá parte desta programación, que se completará cos DJS Galician

Army, Juancasupersub DJ Set e os lucenses Grande Osso.

O venres 25 será a quenda de Varry Brava, The Rapants, Joe Crepúsculo, Adrián Timms e Galician Army, mentres que o sábado 26 subirán ao escenario Shinova, León Benavente, Cycle, Banda de Música de Vilalba, Leria, Juancasupersub DJ Set, Grande Osso e Karaoke FIV Stars.

O sábado 26, como é habitual, a festa trasladarase á Praza de Concello para unha sesión vermú na que o público poderá gozar do Karaoke FIV Stars. Por outra banda, a organización anunciou que pronto estará

dispoñible o Abono Camping.

O FIV de Vilalba é un dos eventos máis esperados polos amantes da música de Galicia, ano a ano a vila échese de fivers dispostos a gozar da mellor música, con actividades tamén durante o día ou iniciativas que implican ao comercio local. Con 18 edicións de historia ofrece desde Vilalba unha proposta que mestura grandes nomes da música nacional con novas bandas, destacando o talento galego. Os primeiros abonos para o evento, o abono Fiver, esgotouse en poucos minutos. O abono xeral segue dispoñible na páxina



web do evento.

O festival conta co apoio do Concello de Vilalba, Deputación de Lugo, Xunta de Galicia e Vibra Mahou -a plataforma de Mahou Cinco Estrelas que conecta a artistas e público en torno á música en vivo-.



• **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS

• **ECOGRAFÍA**

• **TRATAMIENTOS CON LASER**
• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

• **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLINICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12

Aprobada a obra para rexenerar a vía entre Vilate e Ribado, en Lanzós

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, visitou na mañá de hoxe a estrada provincial LU-P-6508 que une os lugares de Vilate e Ribado, na parroquia de Lanzós, e cuxo proxecto de rexeneración vén de ser aprobado pola Deputación Provincial de Lugo, responsable das actuacións.

Os traballos, cun investimento de 68.603,03 euros, terán un prazo de execución de 2 meses dende o seu comezo e centraranse no tramo comprendido entre os quilómetros 2 e 4,861, no que se realizará a reapertura de cunetas, o saneo da explanada, a reparación de desperfectos e a repavimentación do firme.

“Un tramo que discorre polo barrio de Ramil, na parroquia de Lanzós, no que hai un importante número de vivendas e, polo tanto, estamos a falar dunha estrada que dá servizo a moitos veciños e veciñas” salientou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, ao tempo que engadiu que “as ac-



tuacións centraranse no tramo máis deteriorado, dende o quilómetro 2 ata o remate da estrada, no cruce coa LU-P-6503 que une Lanzós con Vilapedre”. Así pois, a rexedora aproveitou para “agradecer o compromiso da Deputación Provincial co noso municipio e a constante inversión que se está levando a cabo por parte do ente provincial en Vilalba”.

Nesa liña, tamén veñen de adxudi-

carse as obras de rehabilitación da estrada provincial LU-P-0106 que une o concello de Abadín co de Vilalba e que discorre polo barrio de Martiñán, na parroquia de Corvelle. Un proxecto, que contará cun orzamento de 193.532 euros e que mellorará dous treitos da vía: os primeiros 700 metros da estrada e o tramo comprendido entre os puntos kilométricos 2,920 e 6,043.

Avanza a obra para acondicionar o Punto de Atención á Infancia

O Concello de Vilalba avanza nas obras de acondicionamento e remodelación dun dos locais do edificio da Praza de Abastos no que se instalará o futuro Punto de Atención á Infancia. Así, a primeira fase da obra ten un importe de 143.478 euros e xa está concluída.

“Estamos satisfeitos co avance das actuacións, coas que ratificamos o compromiso absoluto do goberno local coa conciliación familiar e a dotación duns servizos públicos de calidade que permitan aos nosos veciños e veciñas quedar a vivir en

Vilalba”, salientou a alcaldesa.

No referido aos traballos de acondicionamento, derrubáronse todos os elementos de distribución interior cos que contaba previamente o local, centrándose agora as actuacións na colocación de tabiquería lixeira e a habilitación dunha nova zona de acceso que se completará coa nova distribución do espazo interior, de tipo aberto e diáfano.

O local contará con cinco zonas diferenciadas: unha zona de gateo, outra de descanso, unha zona de hixiene, aseos e un espazo de preparación de

alimentos dotado cos electrodomésticos básicos.

Pola súa banda, as obras tamén incluírán traballos na zona exterior do edificio, onde se derrubarán algúns elementos e se abrirán novos ocios para logo proceder á colocación de envolvente na fachada.

En definitiva, “faranse todas as actuacións necesarias para axustar o local á normativa e poder abrir canto antes o novo PAI co que dispoñemos de 20 prazas máis para a atención da primeira infancia, onde as familias atopaban máis dificultades”.

Rouco insiste á Xunta da urxencia dunha solución para a estación de bus

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, insiste de novo na urxencia de que “a Xunta de Galicia dea unha solución á situación da estación de autobuses, que leva case un ano e medio nunhas condicións pésimas e sen servizos básicos para os usuarios e usuarias do transporte público”.

En relación a esta situación a rexedora vilalbesa, Marta Rouco, apelou á Xunta de Galicia fai xa case un ano e medio, conseguindo meses despois que a directora xeral de mobilidade visitara a infraestrutura. Non obstante, e a pesar de que esta se comprometera a estudar as posibles solucións, 5 meses despois desa visita a estación de autobuses de Vilalba segue nas mesmas condicións.

“Entendemos que pode levar certo tempo facer un estudo detallado das solucións pero neste caso formuláronse 2 posibilidades e están completamente definidas, polo que non é comprensible que levemos máis de 5 meses agardando unha resposta”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

Nesa liña, a solución proposta polo Concello de Vilalba centrábase na recuperación dos servizos básicos da infraestrutura, o que implicaría manter as dársenas actuais, de forma que todas as empresas de autobuses acudan a elas para deixar e recoller pasaxeiros, instalar nesa mesma zona unha infraestrutura que permita aos viaxeiros resgardarse mentres agardan e habilitar un acceso aos baños.

Así mesmo, para a rexedora vilalbesa “é fundamental que se instale algún panel informativo coas rutas e os horarios e acondicionar a con-



torna”. Mentres que dende a dirección xeral de Mobilidade propoñían instalar unha dársena nas inmediacións da estación, o que suporía o peche definitivo do recinto.

Finalmente, a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco asegurou que “dende a Xunta de Galicia trasladouse aos medios de comunicación fai cuestión dun mes que se estaban estudando as posibilidades de mellora, o que choca de fronte coa proposta da directora xeral de mobilidade de pechar definitivamente o recinto”.

TRANSPORTE ESCOLAR. Pola súa banda, a alcaldesa tamén explicou que “logo da continua insistencia do Concello e tras tres meses de agarda, cos consecuentes trastornos para as familias durante todo un trimestre escolar, deuse solución ás incidencias na liña de transporte escolar do CEIP Terra Chá e á parada de Broz que afectaba a un alumno do CEIP Antonio Insúa Bermúdez”. Non obstante, a problemática dos usuarios e usuarias da ruta de transporte integrado que discorre polas parroquias de San Simón, Vilapedre e Lanzós, segue sen solucionarse.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Dous premios de deseño do 8M foron para o CEIP Monseivane

A Consellería de Política Social e Igualdade fallou os premios da VIII edición do concurso para deseñar o cartel conmemorativo do Día Internacional das Mulleres. As propostas deste ano destacaron pola súa orixinalidade e reflexión en torno á igualdade de xénero.

No certame resultou gañador na primeira categoría un grupo de alumnos de 3º e 4º de Educación Primaria do CEIP Monseivane de Lanzós, no concello de Vilalba, que recibirán 600 euros polo seu traballo *Que queremos ser de maiores? Iguais*.

Na segunda categoría, dirixida a nenas e nenos de 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º da ESO e Educación especial, o primeiro premio, de 500 euros, foi para o cartel titulado *Xuntas*, presentado por un grupo de alumnado do CEE O Pino de Ourense. O segundo galardón, de 350 euro, foi para outro grupo de rapaces e rapazas do CEIP Monseivane de Lanzós, en Vilalba, pola súa proposta *Camiñando cara a Igualdade*. Nesta categoría concedeuse un accésit a un grupo de alumnos do CEE Santa María de Lugo, que presentaron a obra *Sem-*

pre con forza NOSOUTRAS.

Polo primeiro premio recibirán un chegue de 100 euros e o segundo é de 50 euros. A variación, polo tanto, do total do premio vén do número de alumnado que participou na proposta artística.

O certame, posto en marcha polas direccións xerais de Promoción da Igualdade e de Ordenación e Innovación Educativa, ten como obxectivo fomentar a igualdade real entre as mozas e mozos e dar visibilidade a participación das mulleres nos diferentes eidos da vida pública. A entrega de premios terá lugar o día 6 de marzo, nas datas previas ao 8M, Día Internacional das Mulleres.

Este certame estivo dirixido aos centros educativos de Galicia de ensinanza non universitaria. O contido do cartel debía transmitir unha mensaxe positiva sobre a participación activa das mulleres na sociedade. Deste xeito, buscábase que as mozas e mozos reflexionasen sobre os estereotipos de xénero e coñecesen o longo percorrido histórico para o recoñecemento dos dereitos ás mulleres.

O Concello vilalbés habilita unha liña telefónica para incidencias na recollida de residuos

O Concello pon en marcha un novo servizo de contacto para atender incidencias relacionadas coa recollida de residuos sólidos urbanos e a limpeza viaria. A veciñanza poderá chamar ou enviar mensaxes por WhatsApp ao número 671 606 099 para comunicar problemas no servizo ou solicitar a retirada de enseres voluminosos no caso de non dispoñer de vehículo para levalos ao pun-

to limpo.

Ademais, as incidencias tamén se poden notificar a través da aplicación Línea Verde, permitindo unha comunicación máis directa e áxil co Concello e coa empresa encargada da xestión dos residuos. Con esta medida, preténdese mellorar a eficiencia do servizo e facilitar a participación cidadá na conservación da limpeza do municipio.

O PP ve unha “chapuza” a obra da ponte da Ribeira e esixe solucións

Os concelleiros do PP de Vilalba advirten dunha “nova chapuza” do goberno municipal de PSOE e Vilalba Aberta en obras recentes tras comprobar as importantes balsas de auga que se acumulan na zona da ponte da Ribeira despois de acometer obras de “reconstrución integral”, como presumía recentemente o tenente de alcalde de Vilalba Aberta.

Dende o PP de Vilalba explican que “coas obras de renovación da ponte quedaron zonas máis altas que impiden a drenaxe da auga” porque “ao non dispoñer de saídas, acumúlase enriba da calzada supoñendo un perigo para os vehículos”. Ademais, coas obras desfíxeron unha presa cerca da ponte que levaba auga para un muiño. Así, pois, esixen poñer “solución de forma urxente para evitar calquera posible incidente”.

Os populares afean que “os usuarios da ponte da Ribeira, despois de agardar moito tempo polas obras de arranxo, se atopan cun novo problema pouco despois de recuperar o servizo por esta ponte. É unha vergo-



ña que se dea esta situación nunha obra de recente creación”, puntualizan.

Os populares preguntanse “cal vai ser a seguinte chapuza” de PSOE e Vilalba Aberta lembrando os problemas de acumulación de auga na rúa da Pravia despois de gastar máis de 1 millón de euros. Neste caso presenta deficiencias no remate do pavimento e pola escasa capacidade dos sumidoiros que a converte en “nunha balsa de auga” e, incluso, ten provocado inundacións en baixos e garaxes.

Os concelleiros do PP vilalbés lem-

bran tamén que a isto “hai que sumar a falta de mantemento doutras obras e infraestruturas municipais”. Esta “falta de interese pola conservación” do patrimonio municipal quedou de manifesto nos orzamentos que o goberno municipal aprobou para este 2025; xa que “cada ano recortan máis en mantemento”, como xa teñen denunciado os populares. Os representantes do Partido Popular no consistorio esixen aos socios de goberno “xestión” e “escoita” aos veciños e veciñas para atender ás súas necesidades e “priorizar” o que precisan os vilalbeses e vilalbesas.

Estrean un documental sobre as divulgadoras da tradición oral

A produtora Navíos e Folerpas anuncia a estrea do documental *Lévame a idea* para o vindeiro 15 de marzo no auditorio municipal, ás 19:30 horas. Un traballo que pretende recoñecer ás mulleres creadoras e divulgadoras da música de tradición oral galega. No ano no que se dedican as Letras Galegas á poesía popular oral personificada en sete cantareiras e tocadoras destacadas, “cómpre reivindicar cunha óptica feminista e interxeracional o papel fundamen-

tal das mulleres na preservación da música e a cultura tradicional de Galicia, piar esencial da identidade colectiva. A transmisión oral das letras e músicas que nos vertebran como pobo guían as entrevistas que recolle este documental a mulleres que achegan a súa visión desde distintos eidos, como o musical, o académico, o divulgativo, o artístico ou o antropológico”, destacan as directoras do filme, Laura Varela, Iria Villares e Vanesa Siso.



O documental trata temas fundamentais como a invisibilidade e infravaloración destas músicas e cantares desde unha perspectiva feminista e galeguista.



Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

A Xunta inviste 110.400 euros en mellorar as vías de 4 parroquias

A Consellería do Medio Rural achega 110.400 euros para acondicionar vías municipais nas parroquias vilalbesas de Alba, Belesar, Rioaveso e Román con cargo ao plan de mellora de camiños para o período 2024-2025.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, comprobou as actuacións executadas na vía de 4,3 quilómetros que parte da N-634, en Alba, e atravesa os barrios das Turbelas, O Curro, Cordal e Meire ata finalizar na igrexa e o cemiterio de Belesar. Tamén se reparou un ramal que conduce a vivendas e parcelas agrícolas. Trátase dunha ramificación en dirección Norte cunha lonxitude de case 500 metros, que foi obxecto das mesmas intervencións que a vía principal.

As actuacións consistiron na limpeza e apertura de noiros para facilitar a saída da auga da calzada cara os terreos perimetrais; a renovación do pavimento e a colocación de sinalización vertical.

Os outros proxectos que se financian con cargo a esta convocatoria consisten no acondicionamento dunha vía de aproximadamente 1,1 quilómetros que dá acceso á Bardela, na parroquia de Román; e outra de 1,8 quilómetros entre a estrada autonómica LU-120 e o núcleo de Cartemil, nas inmediacións das parroquias de Román e Rioaveso.

O delegado territorial destacou que todas estas actuacións reforzarán a seguridade e a comodidade na circulación por estas vías que dan acceso a vivendas, parcelas agrícolas e explotacións agrogandeiras da zona. Explicou que o plan de mellora de camiños para os anos 2024 e 2025 suma 948.000 euros en achegas da Xunta aos concellos da Terra Chá e Meira para rehabilitar infraestruturas viarias municipais.



Por último, Arias apuntou que o Goberno galego activou unha nova convocatoria do Plan Camiña Rural para o período 2025-2026, dotado con preto de 19,5 millóns de euros de fondos propios. Serán subvencio-

nables as actuacións de ampliación, mellora e mantemento de camiños. Todos os concellos de Galicia poden ser beneficiarios destas axudas co cumprimento de dous requisitos principais.

O PSOE acusa ao delegado de "falta de lealdade institucional"

O Partido Socialista lamenta os continuos "desprezos e mostras de deslealdade institucional" por parte do delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias, "coa complicidade" dos representantes do Partido Popular de Vilalba e do presidente da administración autonómica, Alfonso Rueda.

Como explican, nas últimas semanas Javier Arias visitou a capital chairega en reiteradas ocasións como representante da Xunta: para facer entrega dunha vivenda de promoción pública, para visitar as instalacións de Grupo Forma-T en relación a cursos impartidos con fondos autonómicos e, recentemente, para visitar as obras do plan Marco de mellora de camiños.

En consecuencia, "actos nos que se entende sobradamente que actúa

como representante da administración pública á que pertence, a Xunta de Galicia, e nos que en ningún caso se tivo a ben convidar á representante de todos os vilalbeses e vilalbesas, a alcaldesa, Marta Rouco", sinalou o secretario xeral do PSdeG local, Eduardo Vidal.

Nese liña, dende o Partido Socialista de Vilalba denuncian que "o Partido Popular ten que saber distinguir entre actos políticos e actos institucionais aos que corresponde convidar a todas as institucións implicadas e, neste caso, é sanguento que acudan os concelleiros do Partido Popular en Vilalba e mesmo populares que non teñen ningún cargo institucional representativo en Vilalba pero non o faga a representante dos vilalbeses e vilalbesas que é a nosa alcaldesa, Rouco".



Medio Rural valora o traballo de Entrepinares nunha visita á factoría

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada polo director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño, realizou esta mañá unha visita ás instalacións que a empresa Queserías Entrepinares ten no concello lucense de Vilalba.

Neste sentido, María José Gómez puxo en valor a contribución desta empresa ao sector lácteo galego, xa que a principal materia prima que empregan é o leite de vaca recollido na comunidade, transformándoo na nosa terra. Asemade, desde a Consellería do Medio Rural recoñeceuse a importancia de que Queserías Entrepinares decidira apostar por Galicia para instalar un dos seus múltiples centros de produción. Ademais, cómpre salientar o compromiso desta industria cos gandeiros galegos para que perciban un prezo axeitado polo leite que producen en consonancia cos do resto do país.

Durante o percorrido pola planta, a conselleira puido coñecer o sistema de funcionamento desta empresa e visitar as últimas melloras implementadas nas súas instalacións, ademais de comprobar cales son as liñas de acción de cara o futuro.

A conselleira do Medio Rural tamén salientou a importancia do sector lácteo da nosa comunidade, xa que Galicia produce o 42% do leite de España e atópase entre as primeiras rexións europeas produtoras. En relación coa aposta do Goberno autonómico, cabe sinalar a Estratexia de dinamización do sector lácteo, deseñada de xeito específico para este eido.

Esta planificación establece diferentes obxectivos estratéxicos, entre eles o de aumentar a industrialización en Galicia do leite que se produce na nosa comunidade. Actualmente estase a avanzar no obxectivo do 75 % do leite transformado no horizonte de 2025. Cómpre salientar que esta empresa transforma máis do 7 % do leite que se produce en Galicia, polo que xera valor engadido na nosa comunidade e sitúa estes produtos lácteos en todo o mercado nacional.

Neste sentido, Queserías Entrepinares contou en varias ocasións co respaldo do Goberno autonómico, contribuíndo a favorecer o seu papel como empresa de referencia no ámbito nacional e apoiando a transformación do leite en Galicia.

<p>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES</p> 	<p>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p> 	<p>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</p> <p>JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS BZ TIMKEN Bezarros S.A.</p>	<p>TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS</p>  <p>Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.</p>	<p>RYS SESACAR</p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
---	--	--	---	--

As Pontes aproba os investimentos do Plan de obras da Deputación por valor de 2,8 millóns

O Concello das Pontes aprobou hoxe as actuacións e investimentos que serán financiadas pola Deputación da Coruña a través do Plan de Obras e Servizos (POS 2025) por valor de 2,8 millóns euros

A achega da Deputación da Coruña inclúe tres partidas, unha de 698.414 euros correspondente á achega provincial do ano 2024, outra correspondente á achega do 2025 cunha contía de 677.872 euros que se destinarán a gasto corrente e unha partida de 1.443.780 euros, correspondente ao POS Complementario 2024, que permitirá executar 7 proxectos que seguen a folia de ruta marcada polo goberno municipal para mellorar a calidade de vida da veciñanza e renovar e ampliar os servizos públicos do municipio.

Así, destinará 257.835 euros á mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Ortigueira, executará tamén a mellora da pavimentación e servizos na Avenida de Vilalba (376.287 euros) a reparación e mellora do firme en Gondré e O Castro (55.283 euros) así como a pavimentación da pista do Bidueiro, ata o cruce do Caxete, actuación valorada en 74.200 euros. Destinarase unha partida de 84.542 euros ao proxecto de pavimentación do viario ao Niño de Azor e San Xoán do Freixo, unha partida de 308.900 irá destinada á mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe esquerda da rúa Rego do Muíño e nun tramo da rúa Areosa, finalmente destinaranse 286.731 euros para a reposicións de servizos e pavimentos na Avenida da Habana, no tramo do Poboado do Barreiro.



Xunta e Seara reúnense para facer o seguemento dos proxectos industriais

O secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, Nicolás Vázquez, mantivo unha reunión de traballo con representantes da Asociación de Empresarios Seara. Unha cita que se enmarca na comunicación constante e fluída que están a ter a Xunta e o empresariado pontés para abordar o seguimento dos proxectos industriais que se asentaron ou se van asentaren na comarca.

Vázquez explicoulles que o Goberno galego segue a traballar para axilizar o asentamento das iniciativas que teñen As Pontes como destino, co fin de facilitar a reindustrialización da comarca tras o peche da central térmica. Nesta liña, tanto o secretario xeral de Industria como os representantes de Seara coincidiron na necesidade de apoiar o desenvolvemento industrial en Galicia, e en concreto, en As Pontes. Neste punto, ambos lamentaron

a exclusión na resolución provisional da primeira convocatoria do programa Vales de Hidróxeno Renovable do proxecto denominado como Val do Eume e impulsado por EDP e Reganosa en colaboración con Forestal del Atlántico. Unhas iniciativas promovidas por dúas empresas galegas que foron declaradas estratéxicas polo Consello da Xunta e contan con declaración de impacto ambiental, autorización ambiental integrada e, con autorización administrativa no caso do proxecto para a produción de metanol verde en Mugardos.

O secretario xeral de Industria subliñou ao respecto que pese a este revés, a Xunta de Galicia seguirá traballando para que proxectos como estes, "maduros e ambientalmente viables", sexan máis pronto que tarde unha realidade e "axuden a recuperar unha zona fondamente castigada como é a das Pontes".



Adxudicadas as obras da pista da Magdalena

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, acompañado polo concelleiro de obras, Roberto Rivera, e a concelleira de xuventude, Lorena Tenreiro, visitou a praza do poboado da Magdalena, tras anunciarse a adxudicación da obra de execución dunha pista multideporte.

O proxecto, cun orzamento de 181.427 euros, con cargo á Deputación da Coruña, ten como obxectivo prioritario mellorar a funcionalidade, seguridade, eficiencia enerxética e sustentabilidade dunha das prazas interiores do Poboado da Magdalena mediante a instalación dunha pista multideporte e o acondicionamento da súa contorna, Crearase unha pista de 20 metros de longo por 10 metros de ancho, para a práctica de fútbol, baloncesto e balonmán, formada por unha estrutura realizada en tramex composta por módulos de diferentes cores, con dúas portarías nos lados curtos, sobre as que se colocarán os taboleiros de baloncesto, completándose o equipamento con dous taboleiros de minibasket.

A contorna da pista multideporte executarase en formigón armado de cor similar ao executado na praza

principal do Poboado e amoblarse con bancos, papeleiras e xardineiras. Nos itinerarios peonís, tanto da contorna da pista multideporte como das traseiras das edificacións próximas, colocarase un novo pavimento e substituiranse as tapas de rexistro de servizos, colocándose novas tapas de fundición.

Por outra banda, disporanse os medios para crear un espazo inclusivo, deseñado para todas as persoas, eliminando as barreiras físicas e creando itinerarios accesibles para persoas con diversidade funcional e problemas de mobilidade, aplicando criterios de ergonómia na selección do mobiliario urbano e de seguridade na elección dos pavimentos e proteccións, creando, ao mesmo tempo, unha contorna na que se reduzan os riscos de accidentes".

Así mesmo procederase á ampliación da rede de iluminación para a pista multideporte posibilitando o aforro de custes co máximo rendemento lumínico para o que se proxecta a ampliación da canalización de tendido de alumeadado existente e a disposición de novos farois con lámpadas LED, tanto na pista multideporte como na súa contorna.

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

HUSQVARTNA Bosque y Jardín CARLOS

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

A Xunta chegará 218.000 euros á nova residencia de Saúde Mental

A Xunta de Galicia segue reforzando o seu apoio á Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal para a posta en marcha da nova unidade residencial das Pontes cunha nova achega de 218.000 euros. Así o destacou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, durante unha xuntanza co presidente da entidade, Félix Pena, e os representantes da entidade, na que coñeceu os últimos detalles do proxecto.

No encontro, no que tamén participou a directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, Fabiola García destacou a importancia deste proxecto para os concellos da contorna de Ferrol e lembrou que nos últimos anos a Xunta destinou 870.000 euros a esta nova unidade residencial. Así, investiu máis de 650.000 euros para a construción do



complexo á que se suma unha nova achega de 218.000 euros, a través da convocatoria do IRPF, para a rehabilitación do interior e a súa posta en marcha.

A conselleira sinalou que a importancia da colaboración entre a Administración e o tecido asociativo para seguir impulsando proxectos

que melloren a calidade de vida da poboación. Por iso mesmo, agradeceu o traballo desenvolvido por esta entidade social nos últimos 30 anos, dando un servizo integral de calidade en toda a área sanitaria de Ferrol a través dos seus centros de rehabilitación psicossocial, ocupacional e con diferentes vivendas tuteladas.

Crean un Club de Saúde para enfermos de cancro e familiares

O Concello das Pontes e a Asociación Española Contra o Cancro van poñer en marcha un club para mellorar a saúde integral de persoas afectadas por esta enfermidade, familiares e superviventes.

A iniciativa ten como obxectivo facilitar o acceso a recursos de saúde integral a pacientes e cuidadores foi presentada hoxe da man da propia Xunta Provincial da Coruña da Asociación Española Contra o Cancro (AECC), nun encontro que estivo presidido polo alcalde Valentín González Formoso e a edil de Benestar Social, Tania Pardo, e no que tamén participaron representantes da Xunta Local das Pontes da propia AECC.

O primeiro edil agradeceu que a asociación pensase nas Pontes como nova localización deste interesante proxecto piloto e que, xa o pasado ano, se poñía en marcha con moi bos resultados nos concellos de Cedeira, Melide e Vimianzo.

Neste senso, Formoso apuntou que o concello das Pontes ofreceu toda a súa colaboración para a posta en marcha deste proxecto que a mediados do mes de marzo, está previsto que se presente nun acto público. Asemade, o alcalde pontés animou a veciños e veciñas a sumarse a este club de saúde que, de seguro, tamén vai lograr unha acollida moi positiva entre ponteses e pontesas.

A Coordinadora de Desenvolvemento Territorial da Xunta Provincial da Coruña da Asociación Española Contra o Cancro, Rocío García de la Barga, explicou que este tipo de clubs o que buscan é non falar de cancro, senón do resto de temas que rodean ás persoas enfermas e cuidadoras. Segundo apuntou, este novo club de saúde busca ofrecer un espazo no que persoas enfermas e cuidadoras compartan experiencias, á marxe de temas que xa tratan cos seus equipos médicos. Un entorno no que socializar, empatizar e compartir experiencias propias con outros veciños e veciñas que están a pasar pola mesma situación.

Abre un novo prazo de inscrición para a UNED

A Universidade Sénior, o Programa Universitario para Maiores de 50 anos da Universidade da Coruña, pon en marcha neste ano 2025, co financiamento da Xunta de Galicia, e en colaboración co Concello das Pontes, a sétima edición do Programa de Formación Universitaria Específico para os adultos maiores, que se desenvolverá entre os meses de marzo e abril, no Centro Sociocomunitario das Pontes, na avenida de Ferrol nº 23.

Con este Programa, a Universidade Sénior achégase un ano máis ás persoas maiores de 50 anos da localidade, coa intención de seguir dando resposta as súas inxerencias e necesidades formativas como vén facendo desde a súa primeira edición, no ano 2018.

O programa consta de tres módulos, con sesións teóricas e prácticas, impartidas, en dous días a semana, por profesorado da Universidade da Coruña, nas que se abordarán diferentes temáticas.

No módulo I impártense humanidades e ciencias sociais no módulo II hai ciencias da Terra e tecnoloxía

O programa formativo rematará cunha xornada de visitas académicas e culturais na Coruña, onde terá lugar o acto de clausura e entrega de diplomas, o día 24 de abril de 2025.

A inscrición, que é gratuíta, poderá realizarse en liña a través do espazo web UDC Sénior As Pontes ou presencialmente a través da Secretaría de Alcaldía do Concello das Pontes, ata o 9 de marzo.

Escollidas as mellores cestas da Feira do Grelo

Na XLIV Feira do Grelo de As Pontes, Iván Ledo Filgueiras e Cynthia Arias Ramil proclamáronse gañadores do concurso de cestas, levando o primeiro premio de 400 euros. Os horticultores ponteses, que comercializan baixo a marca Bieiteiras, destacaron pola calidade dos seus grelos, segundo o xurado. O segundo posto foi para María Begoña Carballeira Pena, de Monfero, responsable de A Horta de Bego, que recibiu 300 euros, mentres que o terceiro lugar foi para Daniel Romeu Romero, tamén de As Pontes, premiado con 200 euros.

Ademais, concedéronse cinco accésitos de 75 euros a María José Castro Prado (Vilalba), José Jorge Bouza Couto (Monfero), María Luz

Vázquez Souto (Xermade), Raquel Pardo Corral (Xermade) e Lucía Souto Pico (Monfero). O premio especial Alexandre Pérez Sindín á cesta mellor adornada foi para María Victoria Buján Rivas, de Monfero, que levou 300 euros.

A feira, organizada polo Concello das Pontes, contou con 16 produtores e cunha gran afluencia de público a pesar do frío e da chuvia, que obrigou a reducir o percorrido dos pasarrúas. Os asistentes gozaron da gastronomía, con milleiros de filloas elaboradas pola Asociación de Veciños Beiras do Eume e as innovadoras propostas culinarias do chef Antonio Díaz, quen combinou os grelos con carnes autóctonas galegas.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es





Abraham Cupeiro leva ás Pontes o seu concerto 'Resonando en el pasado'

O músico Abraham Cupeiro, chegará ás Pontes no mes de marzo co seu proxecto *Resonando en el pasado*, unha colección de instrumentos que mostra a través dun concerto-monólogo no que viaxa ao pasado máis remoto da nosa especie a través dos sons dos instrumentos de vento.

Este proxecto, xorde da inquietude de Abraham por coñecer e recuperar instrumentos de todas as épocas e lugares. Algúns deles, construídos polo propio Abraham como o Karnyx-baseouse nunha moeda romana e dista do que se atopou en Tintignac tan só 3 cm- o Cornu, construído sobre uns planos dun exemplar achado en Pompeya e cuxa sonoridade é sorprendente ou a Trompeta natural; primeiro instrumento que fixo, coas técnicas do século XVII. E outros os foi adquirindo ao longo dos anos nas súas viaxes como o Rag Dung, Gaida, Shofar, Chalumeaux, Toba, Schalmey, Zurna,...

Resonando en el pasado viu a luz en 2006 e desde entón máis de 40.000 persoas puideron gozar deste concerto, onde Abraham toca máis de 100 instrumentos ao longo do espectáculo. Desde unha pequena frauta de óso (46000 a.c) ata un gran

Sousaphone orixinal do século XIX. Na colección, están representados instrumentos de todas as familias, lugares e épocas e ao longo do concerto, todos eles resoan de novo e dan lugar a interesantes anécdotas, de forma que nos achega á parte máis humana dos instrumentos musicais.

Pedagóxico, ameno, e sobre todo, cheo de emoción Resonando en el pasado é un proxecto para todos os públicos. O concerto celebrárase o venres, 28 de marzo, ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal Cine Alovi e as entradas poderán mercarse, próximamente, na páxina web <https://aspontes.sacatuentrada.es/> e unha hora antes do concerto na taquilla do auditorio municipal.

Abraham Cupeiro (Sarria, 1980), multiinstrumentista e construtor de instrumentos único en España con gran prestixio internacional, recupera instrumentos perdidos no tempo para crear novas sonoridades.

Toca preto de 100 instrumentos, pertencentes á súa colección de máis de 200 de todo o mundo e distintas épocas, dos que construíu ao redor de 50.

ebdos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebdosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBDOS Obradoiro Doce

Adxudicadas as obras de mellora da estrada AC-564 en Goente

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, acompañado polos concelleiros Roberto Rivera e Lorena Tenreiro, visitaron a parroquia de Goente, tras aprobarse a adxudicación das obras de mellora de servizos e seguridade viaria na estrada AC-564 na súa marxe dereita á empresa Conde. S.L.

O proxecto, cun orzamento de 150.658 euros, con cargo á Deputación da Coruña, permitirá a reposición dos actuais servizos de saneamento, abastecemento e iluminación así como a mellora da beirarrúa existente, entre o punto quilométrico 17.200 e o 17.800 e co que o Concello das Pontes continuará coa mellora deste viario que comezaba coa execución dun proxecto de características similares no ano 2019 na marxe esquerda.

A nova rede de saneamento incluírá a execución dunha rede de pozos de acometida e pozos de rexistro mentres que a rede de abastecemento desdobrárase. Por un lado estará a liña procedente da rede municipal, desde o inicio da actuación ata a conexión co ramal de estación de bombeo e, en paralelo, discorrerá unha liña de repartición desde a cal se realizarán as acometidas domiciliarias mediante as válvulas correspondentes. As obras completaranse coa instalación da canalización da iluminación pública, con arquetas de rexistro.

Por outra banda, a reposición das beirarrúas existentes contéplase como unha mellora da seguridade coa que se regularizará e ampliará, non lugares non que sexa preciso, para deste xeito cumprir coa normativa vixente en materia de accesibilidade e seguridade.

Construírase unha beirarrúa de formigón continuo, sen bordo prefabricado, armada con malla como reforzo, dándolle un acabado picado anti escorregadizo, con achega de cuarzo e colorante da mesma cor que a beirarrúa da marxe esquerda. Os pasos de peóns pavimentaranse segundo a regulamentación, con baldosas de tipo



botón e direccionais e respecto ás pendentes. A obra rematará coa sinalización horizontal necesaria de pasos de peóns, colocación de sinais, e do mobiliario urbano.

NIÑO DE AZOR. O Concello das Pontes, ten previsto, mellorar o viario ao Niño do Azor, na parroquia do Freixo. O proxecto, cun orzamento de 84.542 euros, con cargo á Deputación da Coruña, permitirá continuar coas actuacións de mellora das vías levadas a cabo durante os últimos anos.

Así, procederase a pavimentar un novo tramo ata o cruce que dá

acceso ao núcleo de Niño do Azor mediante o varrido da calzada, a limpeza e perfilado das marxes e cunetas cunha capa de saburra coa finalidade de evitar o chanzo producido polo recrocado do firme.

Procederase á reparación das fochas existentes con mestura bituminosa, e o estendido dunha capa de aglomerado asfáltico en quente. Rematarase a actuación coa sinalización horizontal e vertical necesarias.

Na continuación a este tramo ata o límite do Concello, procederase á reparación de fochancas mediante mestura bituminosa en frío.

Traballos en 5 estradas autonómicas da zona

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas adxudicou por 1.769.062 euros, as obras de mellora do firme en 3 estradas autonómicas na comarca de Ferrol. Esta intervención, adxudicada á empresa Lancer Proyectos y Obras, S.A., teñen como obxectivo a mellora das características funcionais da vía en varios treitos das estradas AC-110, AC-112 e AC-564, que discorren polos concellos das Pontes, As Somozas, Narón e San Sadurniño.

O contrato asinouse xa e as obras

comezaran previsiblemente na primavera. O prazo estimado de execución das obras é de 5 meses.

En concreto, as actuacións consistirán na rehabilitación superficial localizada do firme das estradas, restaurando ou mellorando as características superficiais do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade. Tamén se realizarán melloras na drenaxe, a sinalización, nos sistemas de contención e no balizamento, así como a limpeza de gabias existentes.

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

“O futuro para nós consiste en formar persoas que teñan moito que chegar”

Eva Blanco, directora do CEIP A Magdalena, que cumpre 50 anos de vida e o festexa cunha gran festa

O colexio da Magdalena celebrará este mes de abril o seu medio século de vida, para o que a dirección, a cargo de Eva Blanco, preparou unha serie de actividades.

Podería avanzar os un pouco o programa da celebración dos 50 anos?

O día 5 de abril abriremos as portas do centro a todas as persoas que teñen ou nalgún momento da súa vida tiveron, relación co CEIPP A Magdalena. No interior do centro haberá exposicións fotográficas e de obxectos variados. Cerca do mediodía farase unha sesión vermú amenizada con música tradicional. Logo realizarase un xantar popular, no que contamos coa asistencia de centos de persoas. Pola tarde haberá animación infantil e máis música. Pretendemos que sexa unha xornada divertida, de reencontros e moita amizade e compañeirismo.

E como foron estes 50 anos? Que cambios e evolución se produciu?

Eu, que fun alumna deste centro nos anos noventa teño unha perspectiva dende ámbolos dous lados. O meu recordo como alumna é o dun cole moi grande, ateigado de nenos, moito barullo e carreiras, moitas carreiras... cando retornei como mestra a principios da década de 2010 o número de alumnos era moito menor, un cole máis familiar. Pero cando volví entrar no cole logo dese tempo, todo seguía a parecer igual: os corredores, as aulas, os patios... Un pouco máis adiante, coa unificación co CPI Monte Caxado no ano 2017 volvemos ser un centro grande, con preto de 400 alumnos, que aínda na actualidade conservamos. A Magdalena sempre foi o centro de referencia para as familias que precisaban do servizo de comedor e transporte



escolar, entre os centros da contorna somos os únicos que ofertamos eses servizos.

A evolución do cole foi parella á da sociedade imaxino, pasando dun ensino máis tradicional a outro con máis presenza das novas tecnoloxías. Non se pode negar tampouco que o alumnado de hoxe en día é moi diferente ao de décadas atrás, teñen unhas inquedanzas e intereses do máis variados e dende o cole sempre se trata de atender esas demandas.

Que características ten este centro a nivel educativo ou de organización?

Penso que o que nos diferencia dos demais centros da contorna son precisamente os servizos de comedor e transporte, que nos outros centros non se ofertan. Contamos con máis do dobre de alumnado que os outros, penso que en relación directa a esta oferta. Temos un horario de apertura máis amplo e iso sempre axuda á conciliación familiar, unha cuestión moi complicada hoxe en día. As familias que o precisen poden deixar no centro aos nenos arredor das 8 da mañá e recollelos ás 16:30, toda unha xornada laboral, vaia.

Cantos alumnos estudan actualmente e como foi a evolución do

alumnado?

Durante o curso actual contamos con 385 alumnos e alumnas de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Nos últimos cursos esta cifra mantense, con poucas variacións. Tamén é certo que ao longo do curso adoitan chegar novos alumnos e outros marchan, por cuestións variadas.

Canto profesorado teñen? É da zona?

Actualmente contamos con 33 mestres e mestras. Somos moitos os que somos da zona, arredor dun 50%, e queremos rematar aquí a nosa vida laboral, pero tamén hai xente de Lugo, Ferrol/Narón e A Coruña principalmente. Cabe dicir que cada curso parte do profesorado vai cambiando, ao non ter aquí o seu destino definitivo ou querer aproximarse á súa zona de residencia.

Ademais do ensino propiamente dito, teñen actividades de convivencia coa comunidade?

Todos os anos preséntasenos algunha actividade con empresas ou asociacións da contorna. O curso pasado por exemplo, tivemos unha serie de actividades coa Asociación Talento Intergeneracional median-

te as cales puxemos en contacto a persoas maiores co alumnado. Este curso temos previsto seguir facendo actividades con eles, posto que foi unha experiencia moi enriquecedora en ambos sentidos. Tamén estamos en contacto sempre cos outros coles da vila e levamos uns anos realizando unha xornada de convivencia de fin de curso.

Cales son os proxectos de futuro?

O futuro para nós consiste en seguir formando persoas que teñan moito que chegar á sociedade do futuro, tentando sacar o mellor de cada un dos alumnos que pase polo centro. O que eu sempre digo, os meus alumnos e alumnas poderían corroboralo, é que a nosa prioridade é tentar ensinar unha serie de valores e ferramentas ao alumnado, para que a sociedade do futuro estea repleta de boas persoas, porque é moi necesario.

Teñen algunha carencia ou necesidade?

Penso que estamos na liña de todos os centros de Galicia, sempre se pode mellorar a nivel profesorado, sobre todo para a atención do alumnado con calquera tipo de necesidades educativas especiais.

Como vén o futuro do centro?

Estamos convencidos de que o futuro do cole será bo. Somos un grupo de mestres con moitas ganas de traballar e de facer todo o posible para acadar o desenvolvemento integral do alumnado e penso que isto se percibe de portas afora. Posiblemente o número de alumnado se vaia reducindo á par que baixa a natalidade pero estou convencida de que seguiremos sendo un centro de referencia para moitas familias do Concello das Pontes.

As Pontes celebrará actos polo Día da Muller todo o mes

O Concello das Pontes arrancou co programa completo de actividades para conmemorar o Día Internacional da Muller que se van celebrar durante este vindeiro mes de marzo. As actividades comezaron coa apertura da exposición fotográfica *Living la Vida Madre*, que se poderá visitar ata o 31 de marzo no Centro de Interpretación A Mina. Trátase dunha exposición fotográfica creada por Mil Ollos Producen e pertencente á Recicladora Cultural que nace do libro homónimo e da necesidade de falar sobre a maternidade.

O mércores 5 de marzo, durante a celebración do pleno ordinario, procedeuse á lectura da declaración institucional e o xoves, 6 de marzo inaugurouse a exposición *Unha vida nunha mirada do taller A mirada feminina a través da arte*.

Realizarase tamén un obradoiro dirixido a mulleres maiores de 55 anos que ten como obxectivo promover o empoderamento das participantes.

Entre as actividades programadas destacan as destinadas ao alumnado dos centros educativos do Concello das Pontes. Así, o 12 de marzo, ás 12:00 horas no salón de actos da Casa Dopeso os alumnos e alumnas de 1º e 2º de Educación Primaria asistirán á obra *Elas pintan moito* a cargo da compañía Migallas Teatro. Xa o 14 de marzo, ás 12:00h no Auditorio Municipal Cine Alovi, o alumnado de 3º a 6º de Primaria poderán gozar do espectáculo *Igualdade, onde estás da Maga Fani*, cun espectáculo cheo de maxia e moito humor, para tentar expor non só as desigualdades cotiás e históricas, senón tamén a importancia de erradicalas traballando non ámbitos da educación e a cultura.

Rematarán cunha charla-coloquio con mulleres profesionais da música que leva por título *En clave de muller*, que se celebrará o 15 de marzo.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

Entregados os premios do Concurso de Tapas



Entregáronse no concello de Friol os premios aos gañadores da primeira edición do Concurso de Tapas, que corresponden, tanto ao Restaurante Orixes como proposta gañadora, como ás tres persoas participantes que gañaron no sorteo, e tamén houbo uns agasallos para as rapazas que participaron no concurso de deseño do cartel.

Esta entrega fíxose despois do recuento dos votos emitidos, que se levou a cabo a semana pasada, e despois de facerse público que o establecemento gañador resultou ser Restaurante Orixes, coa súa proposta Polbo á grella con crema de pataca, crocante de xamón e aire de pementón, que acadou un 8,9 de nota media, e despois de saber tamén o nome dos premiados no sorteo.

En este acto de entrega no que estiveron presentes representantes de varios establecementos hosteleros participantes, e membros do equipo de Goberno Municipal, tamén participaron todas as persoas gañadoras dos distintos premios. Estaban os representantes do Restaurante Orixes, tamén estaban as

tres persoas premiadas que resultaron agraciadas no sorteo que se realizou entre os folletos válidos entregados nas distintas urnas (Juan Verde recibiu o 1º premio, Katia Pena levou o 2º premio, e o 3º premio recolleuno a nai de Lucía Varela), e tamén convocaron ás alumnas do centro escolar público de Friol que participaron no concurso de deseño do cartel, co que se promocionou o citado concurso de tapas, ás cales lles entregaron uns detalles por animarse a participar, e foron Antía Ramos Iglesias, Noemí Agruñá Fernández e Susana Pena Villar, que foi a que creou o deseño ganador.

O gañador recibiu un lote de produtos valorado en 300 euros, o primeiro premio do sorteo entre os participantes de este concurso consiste nun lote de produtos valorado en 200 euros máis 200 en efectivo. O segundo premio consta dunha viaxe para dúas persoas á Bodega Jaros (visita á bodega, ao viñedo e cata, ademais do xantar). E o terceiro premio son dúas botellas de viño Jaros e Adegas d' Berna e un lote de produtos El Globo.

María José Gómez defende as transmisións das explotacións

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, puxo en valor o papel das oficinas rurais no asesoramento para favorecer a transmisión de explotacións a través do Banco posto en marcha pola Xunta a semana pasada. Nunha visita á oficina rural de Friol, na que estivo acompañada polo alcalde, a conselleira salientou que calquera persoa interesada no devandito Banco poderá dirixirse á súa oficina rural para informarse e recibir asesoramento.

Nesta liña, Gómez lembrou que Galicia conta con ata 69 oficinas rurais, das cales 19 están situadas na provincia de Lugo. Todas elas, remarcou, constitúen "o punto de encontro da Consellería coa veciñanza" e están abertas aos agricultores, gandeiros e silvicultores. Neste caso concreto, o persoal das oficinas prestará apoio e tutelará os procesos de transmisión de explotacións por medio do Banco.



Por outra banda, María José Gómez destacou tamén o compromiso da Xunta coa mobilización de terras agrarias, facendo especial fincapé no decidido impulso ás parcelarias, así como tamén ás diferentes ferramentas recollidas na Lei de recuperación da terra agraria. Neste sentido, puxo de relevo a figura das permutas de especial interese agrario, un instrumento moi áxil e acaído para mobi-

lizar terras e no que o Concello de Friol foi pioneiro, sendo quen de mobilizar xa por esta vía arredor de 400 hectáreas no seu termo municipal. En Friol, o investimento superou os 32.000 euros en obras de reforma para a redistribución de espazos, illamento térmico, renovación da carpintería interior e exterior, obras e aparatos de climatización, pintado, alumado, sinalización e mobiliario.

XUÍZ DE PAZ



Tivo lugar a toma de posesión do novo xuíz de paz titular, Manuel Prado Fraga, que xa realiza as súas funcións no Xulgado. Despois de que Ricardo García Morandeira presentara a súa renuncia ao cargo en setembro do pasado ano, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia indicou ao Concello de Friol para que iniciara o procedemento de elección dun novo titular.

Condes acolle un Campionato de Tute

O vindeiro 15 de marzo, a partir das 14:00 horas, o local social de Condes converterase no escenario do Campionato de Tute. A participación será por parellas cunha inscrición de 60 euros, e os mellores clasificados recibirán premios de 200 puntos para os gañadores, 100 para os segundos e 50 para os terceiros. Ademais, haberá premios de consolación, entre os que destacan botellas de whisky así como de viño. O evento estará acompañado dunha gran polbada. Para inscribirse pódese contactar cos membros da organización.

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

construferr

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

friol

Arranca a obra do primeiro centro de atención ao autismo de Galicia

Friol deu un paso adiante coa presentación do primeiro centro de atención integral a persoas con autismo en Galicia, un proxecto cualificado como "pioneiro e vangardista" que foi recibido con entusiasmo por administracións, asociacións e familias. O acto, organizado polo Concello, tivo lugar nunha carpa xunto ao espazo onde xa comezaron as obras, na rúa do Carballal. A infraestrutura, que ocupará unha parcela que combina zona urbana e rústica, permitirá integrar dous enfoques para a atención ás persoas con TEA.

O evento foi inaugurado polo alcalde de Friol, José Ángel Santos, quen agradeceu a colaboración de todos os implicados e destacou especialmente o apoio financeiro da Xunta, que destinará 4 millóns de euros ao proxecto. "Este centro representa a unión das administracións públicas en prol das persoas con autismo e as súas familias", declarou Santos, quen asegurou que marcará "un antes e un despois" para Friol, para Galicia e para o colectivo TEA.

Mercedes Fernández, presidenta da Federación de Autismo de Galicia, salientou a relevancia deste centro, que se converterá nun apoio esencial tanto para as persoas con Trastorno do Espectro Autista como para os seus familiares. Durante a súa intervención, lembrou que actualmente hai 27.000 persoas con autismo en Galicia, unha cifra en



aumento, e subliñou a necesidade de crear espazos que garantan unha vida digna e con dereitos iguais para estas persoas. "Non podemos seguir recaendo o peso dos cuidados só nas familias; necesitamos recursos como este centro para fomentar a autonomía e a independencia das persoas con TEA", afirmou Fernández.

OS DETALLES DO PROXECTO. O proxecto, que estará xestionado por Aspanane, contará cun edificio de 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. O soto albergará os servizos comúns, como a cociña, lavandería, vestiarios, garaxe e salas de instalacións. Na planta baixa situaranse os talleres, unha aula de psicomotricidade, salas de reunións e as áreas administrativas. As dúas plantas superiores acollerán tres módulos autónomos de oito persoas

por planta, cunha capacidade total para 48 usuarios, e algúns módulos estarán destinados ao respiro familiar.

No acto tamén participou o recoñecido especialista en xenética Ángel Carracedo, quen emocionou aos asistentes cunha intervención centrada na orixe do trastorno, as necesidades de coidado e os avances na investigación. Carracedo destacou que o centro de Friol é un exemplo de como os pacientes poden estar máis próximos aos seus fogares, algo esencial na atención integral.

Fabiola García, conselleira de Política Social, pechou o evento resaltando que o centro será "un recurso pioneiro que converterá Galicia nun referente na atención ao autismo, ao tempo que contribuirá á creación de emprego e ao asentamento de poboación no rural".

Comeza a rehabilitación do centro social de Carballo cun obradoiro

A través do Obradoiro de Emprego Cumes da Terra Cha VIII e con un orzamento de case 60.000 euros estase reformando integralmente o edificio social de Carballo.

Este proxecto, que está sendo executado por alumnos do obradoiro de emprego, está previsto que rematen as obras no prazo de dous meses. Estas lévanse a cabo sobre a edificación existente, que é a antiga escola unitaria da parroquia de Carballo, e do seu entorno inmediato.

Farase unha demolición de beirarrúa traseira e lateral dereita, tamén de escaleiras de acceso á planta primeira (para instalar unhas novas) e rampla de soporte, demolición tamén do pavimento interior de planta baixa para reposición previo illamento do mesmo. Abrirase unha gabiá na fachada dereita e na traseira para realización de impermeabilización de



muro. Retirarase capa de terra vexetal en parcela, para posterior execución de pavimentado con soleira de formigón pulido ou pavimento de lastra de formigón.


Levaranse a cabo tamén a impermeabilizacións e illamentos coa formación de impermeabilización a base de lámina asfáltica adherida sobre capa de formigón aplicado na

cara exterior. E tamén se cambiarán as ventás fixas de formigón na planta baixa por novas ventás de aluminio brancas, segundo a disposición das existentes na planta primeira.

Parte destes traballos que se indican xa están realizados. Os que faltan por realizar, está previsto que se poidan ter rematados para finais do mes de abril.



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

Calle Campo de Puerto 27, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 122m² 128.000€

En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 3 dormitorios e sala, dos baños e cocina con ampla despensa. Dispone de ascensor, una plaza de garaxe, trastero e calefacción de gas ciudad. El piso se vende parcialmente amueblado.

CPiazza Coronel Pena, Vilalba
Casa / Chalet independente | 10 Dorm | 2 Baños | 369m² 230.000€

Casa antiga blasonada, de pedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construídos, con fachada a la C) Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recentemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitaciones, 2 cuartos de baño, cocina, desván y amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería y restauración.

Plaza San Juan 1, Vilalba
Local | 100m² 5.000€

Se vende bojacubierta en edificio sito en Travesía de San Juan en Vilalba, existiendo posibilidad de dividirlo en varios trasteros sin mucha dificultad.

Calle Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 98m² 97.000€

En Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un piso céntrico, de tres habitaciones e sala, dos baños (uno con bañera e otro con ducha), e cocina equipada. Dispone de calefacción, ascensor e una plaza de garaxe. A maiores, si se precisa un piso mas grande, es posible comprar la vivienda que está al lado e que está disponible. La cual tiene una superficie de unos 89 metros cuadrados construídos. Es decir, se puede tener un piso de más de 190 metros cuadrados construídos con dos plazas de garaxe. Siendo el precio de los dos pisos, si se compran conjuntamente, 150.000 €.

Grupo as Fontiñas, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m² 85.000€

En Vilalba (Lugo), barrio de Fontiñas, en las proximidades de los colegios, ofrecemos un piso muy luminoso, completamente renovado. La vivienda esta distribuida en cuatro habitaciones, dos baños, salón-comedor e cocina. Se vende con los muebles existentes en la misma. El piso dispone de calefacción de gas ciudad e una garaxe individual e cerrado. Se trata de un piso tercero sin ascensor.

Calle Mondoñedo 15, Vilalba
Casa / Chalet adosado | 5 Dorm | 2 Baños | 166m² 84.000€

En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar adosada, de cinco habitaciones e sala, dos baños, cocina e dos trasteros. Dispone de calefacción de gasoil.

LU-861 13, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 1.034m² 22.000€

En el Carrizo, parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baixa e piso. La finca se encuentra cerca de la Charca del Aligal e aproximadamente a un km de la autovía Ferrol-Vilalba.

Calle Plácido Peña, Vilalba
Dúplex | 6 Dorm | 5 Baños | 450m² 225.000€

En Vilalba (Lugo), se vende dúplex céntrico e muy amplio, que está distribuido en dos plantas. En la primera está la cocina, con una ampla despensa, sala, dos habitaciones e dos baños e en la segunda está una sala de juegos, la lavandería, cuatro habitaciones e tres baños. El piso se vende con un trastero e una plaza de garaxe. Existe la posibilidad de que se venda una segunda plaza de garaxe. En el edificio donde esta situado, la comunidad tiene aprobado e se hará próximamente, el bajar el ascensor a cota cero.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfños.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Impulsan as alegacións ao parque de Satrebares

O BNG pon a disposición da veciñanza as alegacións ao parque eólico de Satrebares.

“Co fin de seguir a informar á veciñanza sobre este proxecto este sábado concelleiros do BNG desprazámonos ata Os Vilares para poñer a súa disposición as alegacións á construción” explica Mónica Roca, concelleira do BNG en Guitiriz, alegacións abertas para que a cidadanía e as entidades se sumen a elas e as rexistren ante a área de Industria e enerxía da Delegación do Goberno en Galicia.

Explican que o parque eólico de Satrebares está encaixado nun complexo nó de parques eólicos montados dende hai moitos anos, que a falta dunha lexislación máis severa naquelas datas degradaron enormemente as zonas nas que se instalaron. “Non se respectaron

distancias ó patrimonio arqueolóxico nin se tivo en consideración en ningún momento o patrimonio etnográfico inmaterial da zona” engade a concelleira nacionalista.

Para a cidadanía non é aceptable o argumento de que cada administración pública, neste caso o Ministerio de Transacción Ecolóxica e do Reto Demográfico do Goberno de España e por outro lado a Xunta de Galicia é responsábel da tramitación dos proxectos que lle corresponden en función do reparto das competencias, xa que é unha obriga delas velar por un desenvolvemento ordenado e sostible do territorio. Nin a cidadanía nin o territorio deben sufrir as consecuencias dunha falta de coordinación entre as administracións pública e dunha falta de visión de conxunto sobre o territorio por parte delas.

Convocado o XI concurso de tapas Que Bo Estás

Do 17 ao 23 de marzo, sete locais de Guitiriz participarán nunha nova edición do certame gastronómico “Que Bo Estás Guitiriz”, organizado pola asociación de hostaleiros De Bares. Os establecementos O Korreo, Soa, A Capela, Xoldra, Balneario, La Casilla e Casa Nistal ofrecerán as súas propostas culinarias a un prezo único de tres euros, cunha opción de mariadaxa co viño do concurso por 4,5 euros. O horario será de 20:00 a 23:00 horas e en todos os locais haberá papeletas para que os clientes poidan selar e valorar as tapas.

Os asistentes poderán puntuar as

tapas do 1 ao 10, valorando aspectos como a presentación, o sabor e o servizo, e os votos depositaranse en urnas habilitadas en cada local. O recoito realizarase o 26 de marzo. Ademais, aqueles que completen a ruta gastronómica entrarán nun sorteo con tres premios de 800, 400 e 200 euros.

O evento conta co apoio do Concello de Guitiriz, Estrella Galicia, Kantero Fotografía e Automóviles Losada. O cartel e o tríptico do certame son obra de Julia Saavedra, mentres que a ilustración foi realizada por Isabel Saavedra.

A vila prepárase para a sesión vermú do Parga Rock o día 22

O festival Parga Rock volve á carga este 2025 cunha primeira cita musical que promete ser todo un éxito. O evento celebrarase o sábado 22 de marzo no Iberik Gran Balneario de Guitiriz, grazas á colaboración co propio balneario, un dos patrocinadores privados do festival.

Nesta ocasión, os asistentes poderán gozar dunha sesión vermú con concerto e gastronomía, nunha localización privilexiada como é a Casa Club do hotel. O ambiente será, como sempre, espléndido e cargado de rock, nunha xornada que tamén servirá para recadar fondos de cara

á organización da edición 2025 do festival.

Os prezos das entradas son de 25€ para adultos, incluíndo entrada, comida e consumición, e 15€ para o menú infantil. O menú contará con pratos como empanada, paella e sobremesa, e a música correrá a cargo de Carta de Ajuste e DJ Coutinho.

As entradas estarán dispoñibles nos puntos de venda habituais, no propio balneario e, como novidade, tamén online. O Parga Rock, que será os días 5 e 6 de setembro promete moitas sorpresas este ano, e esta sesión vermú será só o comezo.

O Pleno de Guitiriz aproba o contrato dos servizos enerxéticos

O Concello de Guitiriz aprobou en pleno extraordinario a adjudicación do contrato dos servizos enerxéticos da iluminación exterior e dos edificios municipais, unha medida impulsada polo goberno local co obxectivo de lograr unha mellor xestión dos gastos en electricidade. A proposta saíu adiante cos votos a favor do PSOE e cos votos en contra do BNG e do PP. A empresa adjudicataria, Alisea Esco SA, será a encargada dos servizos de mantemento do alumeadado público das rúas, dos servizos de reparación e do mantemento dos equipos dos edificios e dos servizos de xestión de enerxía.

Entre outras inversións que deberán acometer, a empresa cambiará todo o alumeadado público a LED, o que supón unha vantaxe para o concello en canto a aforro enerxético, cun servizo máis eficiente, e unha medida máis respectuosa co medio ambiente.

O servizo ofrecerase nun período de 20 anos por un prezo de 6.183.868,85 euros máis IVE. Isto permitirá que o Concello vaia pagando, ano a ano, una tarifa que non cambiará en función das posibles subidas do prezo, co que se logrará ter unha estabilidade neste gasto. Por



exemplo, neste 2025, o gasto será un máximo de 287.000 euros.

Marisol Morandeira explicou que “é un servizo que, obviamente, temos que contratar a empresas privadas polo que cremos que é beneficioso para o Concello ter un gasto acordado e constante, sen estar expostos as variacións e subidas dos prezos do mercado, o que nos dá tranquilidade orzamentaria”.

Pola súa banda, os concelleiros do PP de Guitiriz votaron xa que “non podemos votar a favor de ningún tipo de proposta da que se nos nega o acceso ao expediente”.

O voceiro popular, José Manuel López Rodríguez, afirma que o 3 de febreiro de 2025 solicitamos por es-

critado acceso ao expediente completo da contratación que a alcaldesa trouxo ao pleno para poder estudalo dada a complexidade do mesmo “sendo a única realidade que Marisol Morandeira nos negou calquera tipo documento, unha clara mostra da súa total falta de transparencia”.

O BNG de Guitiriz rexeitou a contratación dun asesor por parte do goberno municipal aprobado no pleno do pasado martes cos votos a favor da equipa de goberno do PSOE.

O BNG denuncia que dende a Alcaldía non se aclararon nin as funcións concretas nin quen será a persoa que se vai contratar nin a data da contratación e sinalan que “isto nos fai desconfiar aínda máis”.

A festa da Burizada terá lugar o día 15

O sábado 15 de marzo, o Campo da Festa do Buriz converterase no epicentro da celebración coa Burizada 2025, un evento que promete festa, boa comida e moita diversión para todas as idades.

A xornada arrancará coa sesión vermú a partir das 13:30 horas, amenizada con música e ambiente festivo. A continuación, servirase un completo menú composto por callos, costela asada, patacas, ensalada, sobremesa, café e licores. Os prezos para asistir á comida serán de 30 euros para os adultos, 15 euros para os nenos de 7 a 11 anos, e os menores de 6 anos poderán asistir de balde.

Durante a comida haberá sorteos e xogos, mentres que pola tarde será o turno do bingo e unha zona con colchonetas para que os máis pequenos tamén gocen da festa.

Xa pola noite, a celebración continuará cunha gran cea de chourizos e liscos “a fartar”, asegurando que ninguén quede con fame.

O evento contará cunha carpa pechada con calefacción, e a música correrá a cargo do DJ Magick, que poñerá ritmo á festa ata altas horas.



Acaba a obra da cuberta da escola de Pardiñas

A deputada de Cultura Iria Castro visitou o obradoiro de instrumentos musicais de Sito Carracedo, ubicado na antiga escola de Pardiñas, en Guitiriz, tralas obras realizadas na cuberta deste edificio de titularidade municipal.

A área provincial financiou, a través dun convenio de colaboración co Concello, a reparación da cuberta para resolver os problemas de gotteiras que viña arrastrando o edificio, e que afectaban ao material do histórico taller, creado en 1993 polo artesán e investigador coa colaboración da Asociación Xermolos

A deputada interesouse polos instrumentos e materiais que se conservan no obradoiro e pola traxectoria de Sito Carracedo, recoñecido pola súa traxectoria na construción de gaitas galegas e doutras tradicións musicais.

A intervención na cuberta, cun investimento de 13.000 euros, contribúe ao mantemento desta instalación municipal, facilitando a continuidade do obradoiro en Pardiñas, un lugar referente para a música tradicional grazas á Mostra de Instrumentos Tradicionais e ao Festival de Pardiñas.

CHMS e Concello únense para mellorar o sistema de saneamento

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e a alcaldesa de Guitiriz (Lugo), Marisol Morandeira, rubricaron esta mañá o Convenio de colaboración que posibilitará a construción dun novo colector que mellorará o sistema de saneamento do municipio.

O colector interceptor da rede de saneamento de Guitiriz, que discorre sensiblemente paralelo á vía de ferrocarril ata a súa chegada á EDAR, atópase en moi mal estado, o que provoca infiltracións de augas pola presenza de numerosas roturas.

Actualmente, as características do efluente e o seu caudal son o principal condicionante para o funcionamento da EDAR xa que os caudais de infiltración son tan elevados que xeran un efecto de dilución alto e como consecuencia, a EDAR ten que funcionar baixo uns parámetros moi afastados da situación proxectada, con sobrecarga hidráulica e unhas concentracións de contaminantes moi baixas.

As actuacións iniciaranse coa redacción dun proxecto no cal se definan e valoren os traballos ne-



cesarios para a renovación dun tramo do colector paralelo á vía do ferrocarril en Guitiriz.

As obras consistirán na execución dun novo colector sensiblemente paralelo á vía do ferrocarril que comezará nas proximidades do apeadeiro do ferrocarril en Guitiriz, ata o novo pozo de grosos, executado recentemente na entrada da EDAR, cunha lonxitude aproximada de 1500 metros.

O investimento total necesario para a actuación estimouse en 2.500.000 € que serán sufragados nun 95% pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e o 5% restante polo Concello.

“Estas actuacións mellorarán a calidade das augas e dos ecosistemas fluviais afectados polas deficiencias do saneamento actual”, explicou o presidente.


“A colaboración entre Administracións é clave para avanzar en proxectos que melloren e preserven o medio ambiente, para un desenvolvemento máis sostible”, concluíu Quiroga.

Unha guitiricense gaña o premio Despunte da escola Mestre Mateo

A veciña de Guitiriz Laura Villar Loureiro gañou o Premio Despunte ao Mellor Traballo de Fin de Estudos do Grao en Deseño de Moda coa súa colección Lembranza. A empresaria Virginia Pozo fíxolle entrega do galardón, dotado con 1.500 euros, e un diploma acreditativo que lle entregou o Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González.

Trátase do premio máis importante dos outorgados nunha gala que presentou Diana Nogueira. Nesta sesión, amosáronse aos máis de 500 asistentes as coleccións realizadas para os traballos finais de estudos do alumnado que acaba de graduarse, como parte do Grao en Ensinos Artísticos Superiores en Deseño de Moda da escola Mestre Mateo, así como os da sección Miscelánea (microcoleccións e proxectos desenvolvidos no 3º curso da titulación).

Durante a mañá tamén se celebrou a Xornada de Reclutamento de Talento, onde distintas empre-



sas do sector se entrevistaron ao alumnado.

A gala puxo o broche final á primeira edición da Semana Internacional das Artes e o Deseño da EASDMM, que durante uns días transformou Santiago no epicentro do novo talento e a creatividade. Ata o 9 de marzo aínda poderá visitarse na Fundación Eugenio Granell a Exposición Despunte: Deseño de Produto, Fotografía, Técnicas Escultóricas e Xoiaría Artística.

Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Guitiriz

Dúas caras novas dirixen os dous partidos que fan oposición ao Goberno local socialista



PP

Á fronte do Partido Popular de Guitiriz está José Manuel López Rodríguez, que substituíu a Xosé María Teixido em 2022 ao ser nomeado presidente da xestora do PP municipal. O seu debut na política foi tardío e chegou á mesma desde outras tarefas representativas, como foi a do presidente da Comunidade de Montes de Parga. Desde aí, a amizade e a simpatía de ideas levouno a ingresar no partido. Asentado como está na oposición, optar por facer “unha oposición construtiva, facendo propostas e apoiando todas as iniciativas de calquera grupo político, importándonos solo o beneficio dos veciños. Ademais dun labor de control sobre o grupo de goberno, tanto fiscalizador como das súas políticas, xa que é unha das bases do funcionamento do Concello”.

Para el, a mellor maneira de axudar a mellorar a vida de Guitiriz é “a través do contacto cos veciños, coas distintas asociacións do concello e trasladando aos plenos os problemas e preguntas que nos presentan os propios veciños. Tamén a través das mocións que presentamos nos plenos sempre con temas relacionados co noso concello, facemos un labor de traslado ao equipo de goberno de todo iso que os veciños nos din, pero logo atopámonos coa maioría que a señora alcaldesa ostenta e pódenos facer caso ou non. Aí acaba a nosa capacidade de acción”.

Moi satisfeito co papel que ocupa afirma que a súa tarefa non supón ningún sacrificio, “fun servidor público durante máis de trinta anos e sigo exercendo ese servizo como unha honra que me conceden os veciños. Os veciños decidiron que tiña que estar na oposición, como si me tocouse gobernar, pero a ilusión e dedicación son a mesma, quen pasan os sacrificios son a miña familia e os meus amigos que se ven privados da miña presenza e compañía”. Por



outra banda considera un beneficio do seu labor “o trato cos veciños, falar con todos, escoitar as súas inquietudes saber de primeira man o que esperan dos seus gobernantes e a opinión do que facemos e cando algún dos nosos rogos, que como antes dixen son deles, se executan, ver o agradecemento que che dan”. Para José Manuel hai un obxectivo clave, que é “volver a conseguir o goberno para o Partido Popular. Non teño máis aspiracións políticas. Sería toda unha honra e un orgullo para min que os veciños depositasen en nós a súa confianza”.

Para lograr este obxectivo ten deseñadas unhas liñas de traballo que pasan por un fin principal é inicial que é “fixar poboación, para o cal atraer empresas ao noso concello é fundamental, así coma xestionar ben os servizos de conciliación para as parellas que teñen nenos e tamén os nosos maiores, sen esquecer o noso sector primario, tanto gandeiro como no sector lácteo. Tamén lle hai que dar unha gran volta ao noso sistema de auga municipal, a inacción ou a mala xestión estes anos do Partido Socialista fai que sigamos tendo episodios de auga moi turbia na traída de auga municipal. Por último, e non menos importante, somos un Concello con certa atracción turística, temos que potenciar o noso mercado dos mércores e tamén o noso comercio e hostalería”.

BNG

Mónica Roca, pola súa conta, chegou máis tarde á parte visible da política municipal. De feito, presentouse por primeira vez no 2023, aínda que levaba tempo xa traballando co BNG. Accede á política porque como ex-

plora, “non tolero nada ben as diferenzas por clases sociais, as diferenzas de oportunidades en función do berce que te arrolara ao nacer, sobre todo en cousas tan básicas e fundamentais como a saúde e a educación ou os coidados en xeral”.

Desde que se puxo á fronte, recoñece que o seu labor se fundamenta en O noso papel neste concello é, por un lado, “ser a voz do noso pobo ante o equipo gobernante, somos unha correa de transmisión das necesidades e inquietudes das nosas veciñas e veciños ante quen ten a responsabilidade de achegar as solucións mais tamén ten os recursos para levalas adiante”.

Afirma que tamén outra das facetas do traballo e “concretar iniciativas, facendo propostas construtivas en cada Pleno a través de rogos e mocións, que sen dúbida de levalas á cabo mellorarían o noso concello e a vida de quen nel vivimos. Facemos propostas tanto a nivel de mantemento e creación de infraestruturas necesarias, como medidas de apoio social, de dinamización, etc... en definitiva, ideas de traballo que farían do noso concello un sitio máis cómodo, máis funcional e atractivo para vivir e facer vida”. Recoñece que estas propostas non contan co apoio do Pleno e outras tampouco “non temos ningunha ga-

rantía de que se leven adiante por parte do equipo de goberno, o cal fai que moitas desas propostas sexan unha constante en todos os plenos”. Coñecedora desta situación asegura que “estamos aquí para loitar pola mellora da calidade de vida da nosa veciñanza e iso faremos; insistindo nas propostas non executadas máis innovando outras día a día”. Deste tempo á fronte do BNG, Mónica Roca sabe que o sacrificio mía grande “é o tempo que hai que investir para canalizar toda esta ilusión e esta ansia que temos por sacar ao noso concello do declive manifesto que estamos a sufrir dende hai anos”. Como traballa a xornada completa todo o seu traballo na política sae do tempo de ocio “e ás veces, dependendo dos frontes que teñamos abertos parece que os días terían que ter 36 horas”, aclara. Por outro lado ten a satisfacción “de estar facendo todo o posible, todo o que está nas miñas mans para que entre todo o equipo do BNG de Guitiriz, poidamos encamiñar o futuro do noso concello. E outro dos beneficios máis directos é tamén esta relación directa con tantas persoas que xa nos teñen como referente para que lles botemos unha man na mellora do seu día a día”.

PP: “Para fixar poboación hai que atraer empresas, así coma xestionar ben os servizos de conciliación”

DATOS

HABITANTES: 5.122.
PARROQUIAS: 18.
EXTENSIÓN: 293 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Vilalba.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PSOE, 4 do PP e 2 do BNG.
ALCALDESA: Marisol Morandeira do PSOE.
VOCEIRO PP: José Manuel López Rodríguez.
VOCEIRA BNG: Mónica Roca Ares.

BNG: “o meu obxectivo é facer medrar este grupo coa mesma ansia de loita por mellorar a calidade de vida das persoas”

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformacións agrarias
 Desbroces e plantacións de montes
 Servizo de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE



Acondicionan un espazo para a nidificación do mazarico real

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, visitou en Castro de Rei a zona habitada no lugar de Rozas para favorecer a nidificación e cría do mazarico real, unha especie migratoria en perigo de extinción da que en Galicia hai cinco exemplares rexistrados desde 2023. A responsable autonómica salientou que os traballos de acondicionamento remataron recentemente e que o obxectivo foi crear un hábitat adecuado para promover o asentamento e reprodución desta especie, que adoita visitar territorio galego entre os meses de febreiro e xullo.

Os traballos desenvolvéronse nunha área de máis de 300 hectáreas, na que se realizaron rozas, se acondicionou a contorna e se adoptaron medidas como trampas para evitar o impacto de depredadores terrestres como o xabaril ou o raposo. Unha vez que os exemplares de mazarico real se asentaron neste espazo -único da Península Ibérica que acolle poboación nidificante desta especie- faise un seguimento en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para localizar os niños e protéxense con pastor eléc-



trico para evitar ataques da fauna silvestre.

A continuación os técnicos realizan un seguimento da posta e, en canto se produce a eclosión, recollen os polos e críanse para a posterior devolución ao medio natural previa aclimatación nun aviario. Trátase dun proceso complexo que busca favorecer a reprodución da especie e incrementar a súa poboación.

Ángeles Vázquez puxo en valor que a Xunta está a desenvolver este tipo de actuacións co obxectivo de contribuir á preservación desta ave e fomentar na medida do posible a súa expansión pois os exemplares que visitan a comunidade desde 2023 limitáanse a dúas parellas e un exem-

plar macho que perdeu a súa parella nese ano, dos que un xa chegou a Galicia.

A conselleira agradeceu tamén a colaboración da Comunidade do Monte Veciñal en Man Común Granda Abilleira e Salgueiros, coa que o Executivo galego ten asinado un convenio relacionado coa protección desta especie dado que parte do seu monte é o hábitat no que se asenta o mazarico real.

Os exemplares desta ave adoitan chegar ás zonas de cría a finais de febreiro ou comezos de marzo, as postas teñen lugar habitualmente en maio e as crías nacen en xuño. A estancia das parellas na área de reprodución conclúe en xullo.

Licitan a xestión da residencia de maiores

O Concello de Castro de Rei iniciou o proceso de licitación para a xestión da residencia de persoas maiores e con discapacidade severa da localidade. O novo contrato, cun orzamento base de 4.653.311,52 euros, terá unha duración de catro anos.

A empresa que actualmente xestiona o centro, Troncoso Casares SL, decidiu non acollerse á prórroga dispoñible, polo que se abre a oportunidade para que outras entidades opten a prestar o servizo. O alcalde, Francisco Balado, recoñeceu que a diferenza de custos respecto á adxudicación anterior foi determinante. "Os prezos de hai catro anos quedaron desfasados debido ao incremento dos custos laborais e de subministracións", indicou. O custo anual estimado do servizo ascende a 1.163.327,88 euros. Tamén se estipularon as tarifas máximas que os usuarios deberán aboar segundo o grao de asistencia que precisen, variando entre 1.479,12 e 1.910,53 euros mensuais. Actualmente esta residencia,



que está completa e con lista de agarda, conta cun total de 53 prazas, das que 34 son residenciais e outras 19 para grandes dependentes.

Ademais, as bases inclúen unha taxa anual de 9.000 euros para a empresa adxudicataria, aínda que este importe podería ser axustado en función das ofertas recibidas. As entidades interesadas en participar no proceso de licitación dispoñen de prazo ata as 23:59 horas do 17 de marzo para presentar as súas propostas a través da plataforma da Xunta.

Balado trata coa Xunta sobre o servizo de auga

A conselleira mantivo un encontro co alcalde de Castro de Rei, Francisco Javier Balado, para analizar distintas cuestións de interese para o municipio relacionadas coa mellora dos servizos de saneamento e de abastecemento de auga. Entre elas estivo a posibilidade de realizar actuacións vencelladas co tratamento de auga potable no municipio, para

o que Augas de Galicia e o Goberno local estudarán distintas alternativas.

Ángeles Vázquez salientou que a Xunta vai seguir apoiando aos municipios no exercicio das súas competencias en materia de saneamento, depuración e abastecemento de auga co obxectivo de que ofrezan o mellor servizo posible ao conxunto da cidadanía.

Pacios acollerá a final de mes un obradoiro de Primeiros Auxilios

O servizo de prevención de condutas aditivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza un obradoiro de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral. A formación terá lugar o luns 31 de marzo na antiga escola de Pacios, no Covelo, en horario de 16:30 a 20:30 horas. O curso será impartido pola Escola Galega de

Saúde a través de persoal especializado do 061.

O obxectivo desta formación é dotar aos asistentes de coñecementos básicos sobre a atención en situacións de urxencia, así como aclarar dúbidas relacionadas cos primeiros auxilios. O programa inclúe o manexo inicial en casos de traumatismos, feridas, hemorragias, convulsións, crises epilépticas, dificultades respi-

ratorias, dor torácico, queimaduras, síncope, hipoglucemias, reaccións alérxicas, intoxicacións e reanimación cardiopulmonar básica en adultos e nenos, incluíndo técnicas para actuar ante un atragantamento ou recoñecer unha parada cardiorrespiratoria.

A formación será impartida por Marta Fernández López, DUE asistencial da Base de Lugo e FPUS 061 Galicia.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL+

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Todo preparado para celebrar o Entroido o 8

O Entroido volve a Begonte este ano coa celebración dunha nova edición do Concurso de Disfraces e Comparsas 2025, co que se pretende, segundo explica a organización, "consolidar o Entroido como unha festa de tradición popular".

A celebración está prevista para o sábado 8 de marzo ás 16.30 horas cun desfile en Baamonde para o que o prazo de inscrición rematará o mércores 5 de marzo ás 14.00 horas.

Haberá tres premios para adultos en categoría individual (de entre 80 e 50 euros) e cinco en comparsas (entre 500 e 75 euros) e tres para os disfraces realizados para comparsas para veciños de Begonte e dous en individual. Neste caso, os premios serán de 175 a 75 euros para o primeiro grupo e de 50 a 30 para o segundo.

Establécese unha categoría de individual infantil con premios xerais e para veciños coas mesmas cantidades que nos adultos. Tamén este ano haberá premios á



mascarada, modalidade na que se encadra a participación de pequenos grupos entre 3 e 5 compoñentes, diferenciando entre a categoría xeral (entre 120 euros e 60) e os especiais para os veciños (dous premios de 80 e 60 euros). As inscricións poden facerse presencialmente nas oficinas municipais no Rexistro Xeral do Concello de Begonte cubrindo o Anexo I ou na sede electrónica.

Begonte renovará os vestiarios do pavillón de Baamonde

O Concello de Begonte vén de sacar a licitación a primeira fase da renovación integral do pavillón municipal de Baamonde cun orzamento de 349.960,83 euros. Esta fase céntrase na creación dun novo bloque de vestiarios nun anexo independente, que permitirá mellorar as instalacións sen interromper a actividade deportiva habitual.

Segundo explicou o alcalde, José Ulla, esta renovación era urxente debido ao uso continuo do pavillón, con competicións e adestramentos diarios, polo que o prazo de execución establécese en cinco meses.

Para levar a cabo esta mellora, o Concello adquiriu unha parcela contigua ao polideportivo. O anexo construído contará con 312 metros cadrados, dos cales 280 serán útiles, e incluírá seis vestiarios independentes: catro destinados a equipos locais e visitantes, e dous específicos para árbitros, ademais de aseos adaptados.

A actuación completárase cun acceso directo dende o exterior, permitindo unha mellor circulación dos xogadores e espectadores, especial-



mente os que chegan en autobuses. Esta intervención é só o primeiro paso dun plan máis ambicioso para a renovación integral do pavillón de Baamonde. Nunha fase posterior, prevese a substitución da cuberta e a reforma da pista e as gradas, incorporando unha bancada máis ampla con capacidade para 500 persoas e unha nova sala polivalente de 300 metros cadrados.

A seguinte fase da remodelación está prevista para o verán, coincidindo coa pausa estival das competicións.

O financiamento desta primeira fase xa está garantido grazas a un acordo co Consorcio de Medio Ambiente, que concedeu un préstamo a interese cero, a devolver en dez anos. Ademais, o Concello buscará apoio da Xunta e da Deputación para completar as seguintes fases. En total, o proxecto de remodelación do pavillón terá un custo aproximado de 1,4 millóns de euros.

As empresas interesadas no proxecto teñen de prazo de presentación de ofertas ata o 19 de febreiro.

Organizan un curso de solo pélvico o día 10

Co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, o Concello de Begonte, en colaboración coa Escola Galega de Saúde, organiza o próximo luns 10 de marzo un curso gratuito co título Solo Pélvico, dirixido principalmente a mulleres, pero aberto tamén á poboación en xeral.

O obxectivo principal desta formación é mellorar a información e comprensión dos cambios evolutivos na muller, así como previr enfermidades propias do colectivo feminino.

O programa do curso abordará temas como a anatomía e funcións do solo pélvico, a súa relación co embarazo e o parto, as repercusións do exercicio físico, patoloxías asociadas e técnicas de tratamento. Ademais, incluírá unha sesión práctica para recoñecer e fortalecer a musculatura desta zona. A docencia estará a cargo de Cristina Ouro Núñez, matrona do HULA, quen guiará as participantes a través de explicacións teóricas e exercicios prácticos.

A Deputación fará unha poxa cos bens da nave de Begonte

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou a tramitación do procedemento para o alleamento dos efectos almacenados na nave provincial situada no concello de Begonte por medio dunha poxa pública polo sistema da alza. Segundo informou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, nas vindeiras semanas a Deputación sacará a convocatoria deste material, que se

publicará na Plataforma de contratos da institución provincial e abrírase un prazo de 10 días para presentar as solicitudes.

Os elementos saírán á poxa nun único lote no que se atopan elementos moi diferentes como un camiión ou un cortacésped, elementos náuticos, ferramentas para traballar pedra, un depósito de auga, climatizadores, estruturas metálicas ou elementos para inmobles asistenciais.

Castiñeiro Milenario rende unha homenaxe ás Cantareiras na Foliada

O vindeiro 15 de marzo, o colectivo Castiñeiro Milenario organiza unha nova edición da Foliada de Inverno, que este ano estará dedicada ás Cantareiras, en honra ás mulleres que transmitiron e conservaron o valioso cancionero popular galego.

A celebración comezará ás 18:00 horas cun obradoiro sobre o xeito de tocar e cantar nas tres localidades das cantareiras homenaxeadas neste Día das Letras Galegas 2025: Agrazón, Mens e Vila da Igrexa. O mestre de pandeireta Roberto Rodríguez será o encargado de impartir a sesión, que terá unha duración aproximada de dúas horas. O custo será de 10 euros para non asociadas e gratuito para socias. As prazas son limitadas, polo que é necesario inscribirse previamente enviando un correo a castineiromilenario@hotmail.com.

Tras o obradoiro, haberá uns petiscos para repoñer forzas antes de dar comezo á gran Foliada de



Inverno ás 21:00 horas. Os grupos locais Foliadeir@s do Castro e Treitoira serán os encargados de abrir a festa, seguidos das pandeireteiras de Xaora e Asubíos da Chaira. Desde Castiñeiro Milenario agradecen a colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do Concello de Begonte, así como a participación dos grupos convidados, que contribuirán a facer desta unha gran celebración da nosa cultura.

Regresa o Open de Fútbolín o 17 de maio

O Concello de Begonte será o escenario do III Open de Fútbolín, que se celebrará o 17 de maio en modalidade parado. O evento contará con inscrición gratuita e repartirá importantes premios en dúas categorías: Élite e Primeira.

Na categoría Élite, os gañadores poderán levar 600 euros e trofeo, mentres que os segundos, terceiros e cuartos clasificados recibirán 300, 150 e 100 euros, respectivamente, ademais de trofeo. Os postos do 5º ao 10º lugar tamén terán recompensas económicas e medallas.

Na categoría Primeira, o primeiro clasificado obterá 200 euros e trofeo, seguido de premios de 100, 50 e 30 euros para os seguintes postos, acompañados de trofeos e medallas.

O torneo dará comezo ás 16:00 horas e contará con fútbolíns Presas EVO. Paralelamente, os asistentes poderán desfrutar dun Pack Festa da Xuventude por 15 euros, que inclúe cea, camiseta e bolsa.

A festa continuará cunha sesión vermú con orquestras e rematará cunha gran fin de festa con DJ. Para máis información e inscricións, pódese contactar con Faus (672 714 448) ou Lolo (626 542 551).

Abadín inicia as obras da nova beirarrúa no casco urbano

As obras para executar unha beirarrúa nunha nova rúa do casco urbano de Abadín están en marcha. Este proxecto, realizado no marco do obradoiro de emprego Terra Chá no Camiño V e co apoio da Xunta de Galicia, busca mellorar a seguridade e accesibilidade no concello.

A nova rúa, que dará acceso á futura residencia de maiores, contará cun tramo de 200 metros lineais de beirarrúa de máis de dous metros de ancho, executado polos alumnos do módulo de pavimentos e albanelaría de urbanización do obradoiro. As tarefas inclúen a colocación de bordos, pavimento e preinstalación de canalizacións para dotar a rúa de iluminación pública.

Ademais, o Concello adquiriu unha finca de dúas hectáreas na que se habilitará unha ampla zona de aparcadoiro para dar servizo á residencia e á casa consistorial, así como un parque infantil cuberto de 150 metros cadrados.

A maiores, o goberno local proxecta un acondicionamento ambiental na área, cunha actuación sobre a masa de árbores autóctonas e a plantación de novas especies para incrementar a biodiversidade, garantindo tamén



a seguridade da zona co tratamento dun talude próximo ao aparcadoiro.

OBRA NO CHAO DO COBO. Por outra parte, xa están en funcionamento os tubos instalados nos traballos de reconstrución da ponte situada en Chao do Cobo, na estrada que conecta coa Igrexa de Labrada. A infraestrutura resultou gravemente afectada tras o paso da borrasca Herminia, o que obrigou ao corte total do tráfico na zona por razóns de seguridade.

Os equipos municipais traballaron de forma intensiva para restablecer canto antes a seguridade e facilitar

a circulación de vehículos. O tubo danado substituíuse por unha peza prefabricada de formigón en formato cadrado, garantindo así unha solución resistente e duradeira.

“Esta actuación permitirá unha mellor drenaxe e circulación da auga, beneficiando a veciñanza e garantindo unha infraestrutura máis eficiente”, din desde o Concello.

O Concello agradeceu a paciencia da veciñanza durante as obras e pediu extremar a precaución a todos aqueles que transiten polas inmediacións da área afectada. Agárdase que os traballos avanza rapidamente para minimizar as molestias na zona.

Veciños viaxarán gratis a Santiago a ver unha obra de teatro

Co gallo dos seus 40 anos, o Centro Dramático Galego continúa co seu programa de facilitar un autobús gratuito en concellos para acudir o xoves 13 de marzo ao teatro en Santiago, a ver a representación de *A burra, a mesa e o pau*.

Cada persoa participante deberá aboar a entrada ó teatro, que terá un custo de 5 euros. Previamente ó teatro, haberá algo de tempo libre para gozar de Compostela.

O autobús sairá de Abadín ás 14.30 horas diante do Concello e a función é ás 18.00 no Salón Teatro. Regresará ás 20:00 horas.

As inscricións, que poden facerse ata o 12 de marzo, son no teléfono 982 508 021 ou presencialmente no Concello.

A Oficina de Atención aos Retornados estará o día 20 na localidade

A Oficina Móbil de Atención aos Retornados continúa o seu percorrido polas catro provincias galegas. Así, o xoves 20 de marzo, estará en Abadín entre as 9.00 e as 14.00 horas diante do Concello.

Este proxecto innovador da Secretaría Xeral da Emigración, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, busca ofrecer un servizo de información e asesoramento especializado e próximo ás persoas emigrantes retornadas a Galicia e as súas familias. Cun enfoque nas demandas e necesidades específicas derivadas do retorno, esta oficina

itinerante desprazarase por diversos concellos de Galicia, co obxectivo de estender o seu alcance a cada recuncho da nosa comunidade.

A Oficina ofrece asesoramento sobre procesos e requisitos para un retorno exitoso, así como información detallada sobre os programas de apoio para a adaptación a Galicia. Tamén asistencia na xestión de trámites administrativos para o retorno e orientación sobre emprego en Galicia, validación de títulos estranxeiros e inserción profesional. Así mesmo, dáse asesoramento sobre vivenda e o sistema educativo.

Cabaleiros de Abadín organiza unha nova ruta

O club Cabaleiros de Abadín celebrará o sábado 22 de marzo, a terceira edición da súa Ruta Cabalar, que dará comezo ás 10.00 horas con saída do Campo da feira de Gontán e chegada ao mesmo lugar arredor das 14.30 horas. Como colofón da ruta celebrárase un xantar no campo da feira servido por Hermanos Debasa a un prezo de 26 euros. Haberá

unha sesión vermú con Dj Peabody.

Lembra a organización que a ruta non terá carácter competitivo e cada participante deberá responsabilizarse do seu cabalo. As persoas que desexen participar poden facelo nos teléfonos 657 184 532 e 674 486 628 e para asistir á comida non é necesario facer a ruta a cabalo.



Gontán acolleu unha exitosa Feira do Grelo

Un ano máis Abadín celebrou Expogrelo, a gran feira que dignifica o valor dun alimento típico galego. 17 produtores participaron nesta edición número XIX, na que o bo tempo axudou á afluencia de xente á sede de Gontán.

Novamente o Concello fixo entrega dos tres galardóns aos postos mellor decorados, premios que foron de 50, 30 e 20 euros e que este ano corresponderon a Esther Cruña Regueira, da parroquia de Moncelos; Marisol Gandrío Lindín, de Romariz, e Argimiro Val Pérez, de Corvite. A sesión contou con animación musical e degustación de grelos rematando ao mediodía coa entrega de premios.

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e o conselleiro do Mar, Alfonso Villares, asistiron a Expogrelo, onde puxeron en valor os grelos producidos na nosa comunidade, aos que definiron como un verdadeiro sinal de identidade do noso agro e moi característicos das datas de entroido.

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, conta cun selo propio que garante a calidade deste produto, a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Grelos de Galicia. Cabe sinalar que esta IXP certificou no ano 2023 un total de 111 toneladas de produto, cun valor de mercado de 222.000 euros. A indicación conta con 178 produtores e cunha superficie inscrita total de 55 hectáreas, das cales 14 se atopan neste municipio lucense. Por outra banda, a Consellería do Mar participou neste evento a través dunha das foodtrucks da campaña GALICIA SABE AMAR, coas que a Xunta de Galicia achegou aos asistentes o mellor sabor das rías galegas, co fin de dar continuidade ao obxectivo de sensibilizar á poboación da importancia que ten para a súa saúde o consumo de peixe e marisco, ao tempo que contribúe a impulsar economicamente un sector que achega preto do 5% do Produto Interior Bruto á economía galega.


CHAIREGOS
 SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
 (O Ramal) Rábade
 Telf. 982 871 103

URXENCIAS
 24 HORAS


gato con botas

zapatería
 C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
 27800 Vilalba (Lugo)
 Telf. 982516550

Arrancan as actividades de Promoción da muller

Arrancou no concello de Outeiro de Rei a vixésimo quinta edición do Programa de Actividades de Promoción da Muller 2025. Aínda que a programación vai destinada ás mulleres, algunha das actividades previstas estará aberta á participación dos homes.

Entre as actividades celebrouse unha viaxe á Feira do Cocido de Lalín o 23 de febreiro. No apartado de obradoiros, farase un de coidado de coidadores, outro de solo pélvico e un terceiro de alimentación saudable. Con continuidade están previstos de taichí, teatro e restauración de mobles.

Por outro lado, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, o 8 de marzo, o Concello de Outeiro de Rei presentará o vídeo Coidadoras_concello de Outeiro de Rei. Nesta ocasión, o Concello quere recoñecer o importante traballo que desempeñan as mulleres que

se dedican ao coidado das persoas maiores ou de calquera persoa dependente, mulleres que coidan dos seus familiares ou persoas do seu entorno, mulleres que asumen o rol do labor dos coidados por cuestións de xénero, coidados que sosteñen o día a día de moitas persoas e familias. Este vídeo está previsto se realice nestas datas pola produtora audiovisual Granerovideo.

A programación completárase, xa no segundo semestre do ano, coas actividades de cestería creativa con fibras vexetais, repostería, educación financeira. Con motivo do 25 N, volverá repetirse a Andaina contra a Violencia de Xénero. Ademais, o propio día 25 de novembro, está previsto o obradoiro Manexo do Estrés e da Ansiedade.

Coma sempre, as actividades previstas para mulleres nas que non se cubran as prazas ofertadas poderán ser cubertas por homes.

Xosé Ferreiro deixa a súa acta de concelleiro despois de dez anos

O Pleno Municipal do Concello de Outeiro de Rei acolleu hoxe a despedida de Xosé Ferreiro como concelleiro do BNG, quen formalizou a súa renuncia ao cargo por motivos persoais. “Foi unha honra poder traballar por este concello que ten moito potencial e que estou seguro que os meus compañeiros concelleiros van seguir a traballar para mellorar”.

Destes anos como membro da corporación municipal vaise satisfeito de que o BNG deixase a súa pegada cun traballo “serio” e que así o valorase a cidadanía, indica.

Trátase, segundo explica Ferreiro, dun cambio “natural e tranquilo”, no que el continuará vinculado ao BNG de Outeiro de Rei. “Eu non teño apego aos cargos nin me custa abrir nin pechar ciclos, as persoas non poden eternizarse nos postos”, comenta o nacionalista, quen define a súa sucesora como unha “persoa moza que pode achegar unha visión nova e fresca a este grupo municipal”, con-



vencido de que desenvolverá un bo traballo a prol de Outeiro de Rei.

Noelia P. Fompredriña é mestra e veciña da parroquia de Cela, unha persoa que está vinculada ao mundo do asociacionismo. Noelia P. Fompredriña agradece o traballo que fixo Ferreiro nestes anos como concelleiro e asume o reto de entrar no grupo municipal “con ilusión e con ganas

de achegar ideas para conseguir que o concello de Outeiro de Rei sexa un concello mellor”.

Chegou á política da man da CIG onde foi secretario comarcal durante varios anos. Destaca tamén o seu paso pola Deputación, onde exerceu o cargo voceiro e formou parte do Goberno provincial en coalición co PSOE.

EN BREVE



DEBATE. O salón de actos da Casa da Cultura de Outeiro de Rei acolleu a sesión *A debate no eirado*, un programa dixital enfocado ás redes sociais e á mocidade a iniciativa de Xurdir Producións. Durante o acto, púidose escoitar e debater a David (Maquinaria Agrícola, Robra), Óscar Mouriz (Gandeiro, Folgueira), Ana Pozo (Bar O Pozo, Outeiro de Rei), Alba (presidenta da Asociación de Penas de Rodas) e o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao. O evento estivo presidido por Alba Tojo.



ALMORZOS. Alumnado de Primaria do CEIP Laverde Ruiz participou no segundo almuerzo saudable organizado polo Concello en colaboración coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) co fin de promover bos hábitos alimentarios entre os nenos e nenas. Esta actividade desenvólvese unha vez ao mes e o día elixido é o xoves, ás 9.30 horas, pero nesta ocasión fíxose o mércores para non coincidir coas actividades de Entroido.

Pardo xustifica no Pleno o cobro de taxas coa normativa de biomasa

O alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, rexeitou no último pleno municipal, celebrado este xoves, a moción presentada polo BNG, na que se acusaba de recadar “indebidamente” taxas de 100 euros aos veciños que recibían comunicacións instándoo a limpar as súas parcelas ou cortar plantacións. O rexedor explicou que este cobro responde á Lei de Prevención de Incendios Forestais, aprobada en 2007 polo bipartito da Xunta, e á ordenanza municipal aprobada por unanimidade nos plenos. Segundo Pardo, a responsabilidade da xestión da biomasa recae nos propietarios dos terreos, e en caso de incumprimento, a administración competente pode enviar unha notificación recordando a obriga de limpeza. Se tras 15 días non se realizan os traballos, ábrese un expediente cunha taxa de 100 euros. Defendeu o alcalde a súa xestión asegurando que o equipo de goberno realizou un envío de planos a todas as parroquias de Outeiro de Rei con todas as afectacións das parcelas de cada individuo para que esas persoas tiveran a información necesaria de se a parcela

estaba situada en nunha zona afectada ou non.

O alcalde advertiu tamén que, de persistir o incumprimento, poden aplicarse sancións coercitivas cada tres meses, alcanzando ata os 900 euros por hectárea sen limpar.

No mesmo pleno, aprobouse unha iniciativa do PP para trasladar ao Ministerio de Sanidade a preocupación polo déficit de médicos de Atención Primaria. O BNG, pola súa parte, solicitou nomear rúas en honra a Aurelio e Victorino Díaz, loitadores contra o franquismo e o nazismo.

No pleno tamén foi rexeitada unha moción do PSOE na que se defendeu a necesidade de iniciar os trámites para a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), “unha ferramenta clave para garantir un crecemento equilibrado, sostible e planificado do concello”. A voceira, M^a del Carmen Acacio López, subliñou que Outeiro de Rei segue rexéndose por unhas normas subsidiarias “obsoletas”, o que xera problemas como crecemento desordenado, carencias en infraestruturas e inseguridade xurídica.

A CHMS traballa en dous ríos do concello

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa os traballos de conservación e mellora dos ríos da demarcación.

Na provincia de Lugo, 4 brigadas compostas por 5 operarios especializados cada unha, traballan nos municipios de Outeiro de Rei, en 2 tramos que suman máis de 7,5 quilómetros dos ríos Pequeno e Santa Marta; en Quiroga, en 3,5 km do río Quiroga; e, a próxima semana, iniciaránse as actuacións programadas en 650 metros do rego Lavandeira, ao seu paso por Lugo.

En Outeiro de Rei, trabállase nos ríos Pequeno e Santa Marta, intervencións de natureza puntual e selectiva, consistentes na retirada de árbores secas, en pé e derrubados ou con estabilidade comprometida, ademais de eliminación de tapóns e de Especies Exóticas Invasoras (*Phyllostachys* sp.)

É importante destacar que no caso de curtas de amieiros, están a aplicarse as medidas ou recomendacións profilácticas co obxecto de evitar a propagación de *Phytophthora alni*.

Actuacións que mellorarán a capacidade hidráulica dos leitos evitando os obstáculos ao paso de auga.

Todo preparado para o Máster Nacional de Fútbolín de Rábade

O Máster Nacional de Fútbolín de Rábade, que este ano chega á vixésimo sexta edición, celebrarase nas datas previstas para o mes de abril, concretamente o 17, 18 e 19 coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

Se o ano pasado se facía o cuarto de século de existencia, esta edición é tamén destacada, xa que é na que se celebrará o centenario da fundación do Concello de Rábade.

Nesta edición están previstos premios por valor de 15.000 euros e o reparto de máis de 135 trofeos e medallas. Prevese superar de novo as máis de 350 parellas participantes, que son as cifras que se manexaron nos últimos anos.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis, pero por primeira vez xogarase no pavillón Eduardo Fernández e non nos tres locais das edicións anteriores. Esta medida tómase debido ao elevado número de asistentes, que crece ano a ano.



O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá para os de movemento e en parado oito premios en cada categoría desde os 1.500 aos 30 euros ademais do trofeo. No apartado feminino, as gañadoras recibirán 800 euros e haberá premio para oito parellas. Ademais, na combinada tamén haberá catro

recoñecementos, con contías que van dos 300 aos 70 euros.

Tamén contarán de novo co trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concello de Rábade para o mellor xogador e o trofeo David García, para o mellor porteiro. Continúan tamén o trofeo Xunta de Galicia ao mellor xogador da comunidade autónoma, o trofeo Deputación de Lugo á amizade, o trofeo Peña Rábade Fútbolín á peña máis participativa; o trofeo Galical ao mellor xogador da provincia de Lugo, e o trofeo Merchi á mellor xogadora. Con este último quérese ofrecer unha homenaxe a unha das primeiras gañadoras que aportou moito ao fútbolín. Volve tamén o Trofeo JMCR, ao Máster Leyenda. A organización repartirá tamén preto de mil camisetas entre os participantes, patrocinadas por Estrella Galicia.

Nesta gran festa do fútbolín colaboran a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo, Concello de Rábade, a mocidade da localidade e diferentes empresas.

Tres novos grupos únense ao Entrepontes

O colectivo Fillos do Chaira de Rábade segue a perfilar a terceira edición do festival que se desenvolverá na localidade en maio baixo o título Festival Entrepontes.

A data escollida foi o día 24 de maio para unha cita coa música que será gratuíta para os asistentes e que tivo un gran éxito nas dúas edicións pasadas e que mantén a data de celebración.

A primeira confirmación do festival foi o grupo Biznaga, unha das bandas máis contundentes e influentes do punk-rock nacional, que chega a Rábade para arrasar coa súa enerxía e converter o escenario de Entrepontes en pura adrenalina. Tamén estaba confirmada xa participación de Catuxa Salom, carac-

terizada por unha fusión do folk, a electrónica e os ritmos tribais latinoamericanos.

Nesta ocasión subiranse ao escenario Hermana Furia, co seu rock salvaxe, que desborda enerxía e un son demoledor. Xunto a eles estarán tamén Jorobados del Miño, que chega a Rábade desde Portomarín cunha música que combina o rock co blues clásico.

A quinta confirmación do festival é Vimbio, a nova faciana da escea metal. Segundo avanzou a organización, o festival contará cunha xornada chea de actividades, entre as que figuran as infantís, como cerámica, pintacaras e a festa Holy, entre outras sorpresas que avanzará a organización.

EN BREVE

AXEIGADA. O 22 de marzo, o Centro Sociocultural será no epicentro da música e a tradición galega coa celebración da segunda edición da Axeigada, a Foliada de Primavera. O evento, organizado pola agrupación folclórica Axeigo coa colaboración do Concello de Rábade, incluírá unha ampla programación con obradoiros, sesión vermú, cantos de taberna e concertos, ademais da tradicional foliada aberta, onde músicos e asistentes poderán gozar dunha xornada de festa e cultura popular.

CESTARÍA. A Casa das Insuas de Rábade organiza dúas activida-

des relacionadas coa cestería nas que se contará coa colaboración da cesteira Idoia Cuesta. Estes obradoiros ofrecen unha oportunidade única para achegarse a esta arte tradicional e crear pezas únicas. Os días xoves 27 e venres 28 de marzo desenvólvese o obradoiro de Cestería con Cortiza, de 16:00 a 19:00 horas. Neste caso, as participantes levarán para casa as súas propias creacións. O prezo é de 65 euros, reducido a 60 para persoas socias da AGCT e/ou empadroadas en Rábade. As persoas interesadas en participar poden inscribirse escribindo a: casadasinsuas@gmail.com.

8M. O Concello de Rábade programa dous actos con motivo do Día Internacional da Muller para o vindeiro venres 7 de marzo. Ás 12:00 horas farase unha andaina con saída da Praza do Concello. Ao remate haberá unha chocolatada e agasallos para todos e todas as participantes ata fin de existencias. Xa pola tarde, ás 20:00 horas o Centro Sociocultural acollerá o monólogo de Leti da Taberna Enredada. As actividades, organizadas polo Concello de Rábade, están cofinanciadas polo Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero e se repiten todo os anos cunha alta participación.

meira

Meira acolle este mes o III Campionato de Tute

O sábado 15 de marzo celebrarase en Meira o III Campionato de Tute 2025, un evento que reunirá afeccionados a este tradicional xogo de cartas. O torneo comezará ás 19:30 horas no Pavillón Municipal de Meira e contará cun máximo de 32 parellas participantes.

Os premios para os primeiros postos serán de 750, 350, 200 e 100 puntos respectivamente. Ademais, haberá unha fase de repesca con recompensas de 300, 150 e 100 puntos para os tres primeiros, mentres que o cuarto clasificado recibirá dous lotes de produtos.

A inscrición terá un custo de 100 puntos por parella e incluírá cea para os participantes. A organización do evento corre a cargo do



Meira FC, e para máis información pódese contactar con David no teléfono 659 900 432. No caso de non alcanzar o número de parellas establecido, os premios serán axustados proporcionalmente.

Quando necesitas energía
limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es



A Asapa quiere organizar unha andaina nocturna de Bretoña á Pastoriza

A Asociación de Comerciantes e Empresarios da Pastoriza, Asapa, cambiou a directiva unha vez que María López tivera que deixar a dirección por estudos e traballo, e Marcos García, anterior presidente, se incorporou ao equipo de Goberno polo Partido Popular como tenente de alcalde no Concello da Pastoriza.

Na reunión da asociación, foi elixido por aclamación José Manuel, do establecemento Gasoleos O Acebreiro. Ademais, acompañan a José Manuel na directiva, Mónica da Farmacia; Alonso, responsable do bar Esquina, e Belén, doutra das farmacias de Pastoriza.

Segundo explicou José Manuel, a directiva foi elixida por un ano coa intención de renovar as actividades organizadas polo colectivo "para impulsar o comercio da zona e atraer público á Pastoriza".

A primeira das actividades que rea-

lizará a asociación é a realización duns cantos de taberna no mes de abril ou maio, a posterior toca organizar o terceiro torneo de pádel que se leva a cabo no termo municipal.

Ademais, colaborarán co Concello para a II edición da carreira popular e andaina deste concello.

"Imos ter unha reunión en breve cos locais da hostalaría e con alguén do Concello, para poñer data fixa da ruta de tapas e seguir facéndoa, xa que é algo que dá movemento, e tamén, queremos propoñerlle a colaboración do Concello para facer a I andaina nocturna entre Bretoña e A Pastoriza", di José Manuel".

A Asociación de Comerciantes e Empresarios da A Pastoriza, Asapa, foi creada no ano 2017 pero a súa actividade intensificouse a partir de 2020. Conta actualmente con algo máis de 50 membros.

San Cosme de Piñeiro acollerá un Taller de Musicoterapia o día 12

A Casa Escola de San Cosme de Piñeiro será o escenario dun interesante Taller de Musicoterapia, que se celebrará o 12 de marzo de 16:00 a 19:00 horas. Esta actividade, promovida polo Concello da Pastoriza, a Escola Galega de Saúde para Cidadáns e o Servizo Galego de Saúde, ten como obxectivo utilizar a música como ferramenta de benestar e desenvolvemento persoal.

O taller permitirá identificar os estilos musicais máis axeitados para o grupo participante, así como coñecer os efectos que distintos tipos de música teñen no estado de ánimo. Tamén se traballará co corpo e coa voz para percibir sensacións musicais, interpretar cancións vinculadas á memoria e ás emocións, con especial atención ao folclore galego, e tocar instrumentos para fomentar a creatividade e a imaxinación. Ademais, haberá espazo para o baile, con movementos sinxelos que favorezan momentos de lecer e relaxación.

As persoas interesadas en participar deben anotarse antes do 7 de marzo chamando aos teléfonos 982 332 197 ou 629 534 793.



EXPOSICIÓN. A Pastoriza seguirá acollendo un mes máis a exposición *Nostalgia*, unha mostra de fotografías e vídeos de J. de la Comba, que estará aberta ao público no Centro de Interpretación do Alto Miño, en Fonmiñá, agora ata o 31 de marzo. A exposición invita a reflexionar sobre o impacto da desaparición de especies e a urxencia de protexer o noso medio natural. A través das imaxes, os visitantes poderán explorar o vínculo entre a memoria, a natureza e os retos ambientais que afrontamos como sociedade.

O horario para visitar a mostra será de martes a sábado, de 10:00 a 14:00 horas.

Adega pide paralizar as canteiras de lousa de Xemil e Campo do Oso

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) vén de solicitar á Dirección Xeral de Enerxía e Minas a paralización das canteiras de lousa de Xemil e Campo do Oso (A Pastoriza) por superar en máis 30 hectáreas a ocupación que ten autorizada na Declaración de Efectos Ambientais (aprobada por Resolución de 28 de Decembro do 1998 da entón Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental).

A actividade mineira que actualmente se segue a realizar nas fronteiras Xemil-Pastoriza e Campo do Oso, correspondentes á autorización de explotación identificada como LU/C/5530 Fracción Pastoriza ou LU/C/5530.2, non conta coa preceptiva avaliación ambiental que se esixía no Decreto 327/91, de avaliación de efectos ambientais para Galicia, e que se esixe hoxe na lei



21/2013, de avaliación ambiental.

En concreto, son dúas as ocupacións autorizadas e actuais de cada unha das fronteiras. Na de Xemil-Pastoriza son 6,84 Ha de ocupación autorizada pola DEA e 30,93 Ha de ocupación actual. Na fronte de Campo de Oso son 3,73 Ha de ocupación autorizada pola DEA e 9,96 Ha de ocupación ac-

tual. Isto supón un total de 10,57 Ha de ocupación autorizada pola DEA e de 40,89 Ha de ocupación actual.

Adega tamén solicita, por unha banda, que se obrigue á empresa á restauración integral de toda a área afectada pola actividade mineira, empezando por executar o plan de restauración aprobado no seu día para as 10,57 hectáreas cuxa ocupación está autorizada pola Declaración de Efectos ambientais. Por outra banda, a asociación demanda da empresa a presentación, tramitación e execución dun novo plan de restauración para o resto da zona ocupada sen autorización pola explotación mineira. A lexislación de protección ambiental está para ser cumprida e, no que respecta ás explotacións mineiras, é tempo xa de que a administración mineira empece por facela cumprir.

ENTREGA DE PREMIOS

O xurado do XXI Concurso de Poesía e Tarxetas de Nadal, organizado pola Biblioteca Municipal da Pastoriza entregou os seus galardóns na Casa da Cultura nun acto presidido polo alcalde e no que se felicitou aos participantes pola súa orixinalidade e sensibilidade artística nos traballos. Animouse á mocidade a seguir participando nas futuras edicións do certame.



Convoca as axudas para colectivos e asociacións

A Xunta de Goberno Local aprobou as bases e convocatoria de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal, para o ano 2024-2025, na sesión ordinaria que tivo lugar o mércores 5 de febreiro.

As bases foron publicadas no Bolelín Oficial da Provincia de Lugo nº 037 de data 14 de febreiro de 2025, e están dispoñibles tamén na sede electrónica municipal. As entidades interesadas dispoñen dun mes para presentar as súas solicitudes, xa que o prazo remata o 14 de marzo de 2025.

Esta convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, contempla axudas no campo da cultura

e dos deportes e imputaranse á partida de 334.489 euros dos orzamentos municipais con un crédito igual ao do ano pasado, de 20.685,00 euros.

O período subvencionable é do 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025 e como máximo concederanse 2.800 euros por entidade. As persoas e entidades interesadas poden contactar co técnico local de emprego se queren recibir máis información respecto destas axudas (ernesto@xermade.org).

Na convocatoria anterior resultaron beneficiarias 15 asociacións veciñais e entidades culturais do municipio, por importe total de 20.685,00 euros.

Veciños irán gratis a Santiago para ver unha obra de teatro

Co gallo dos seus 40 anos, o Centro Dramático Galego continúa co seu programa de facilitar un autobús gratuito en varios concellos e repetirá en Xermade, onde a veciñanza poderá acudir o xoves 13 de marzo ao teatro en Santiago de Compostela, a ver a representación de *A burra, a mesa e o pau*.

Cada persoa participante deberá aboar a entrada ó teatro, que terá un custo de 5 euros.

Previamente ó teatro, haberá algo de tempo libre para gozar de Compostela.

O autobús sairá de Xermade ás 15.00 horas diante do Concello e a función é ás 18.00 no Salón Teatro. Regresarase ás 20:00 horas.

As inscricións, que poden facerse no teléfono 678 744 178.

Xermade

Antonio Riveira Requeixo representa ao PP nunha corporación polarizada que Goberna o PSOE



DATOS

HABITANTES: 1.698.
PARROQUIAS: 10.
EXTENSIÓN: 166 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Vilalba.
CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PSOE e 4 do PP.
ALCALDE: Roberto García do PSOE.
VOCEIRO PP: Antonio Riveira Requeixo.

Cen votos marcaron a diferenza para Antonio Riveira Requeixo nas últimas eleccións, o que fixo que a Corporación quedase dividida tal e como estaba, coa maioría axustada para os socialistas e a oposición nas mans do PP en solitario, xa que non houbo ningún outro partido político na disputa.

Antonio Riveira Requeixo lidera agora ese Partido Popular, no que se introduciu no ano 2003, cando gobernaba Tomás Rodríguez Arias. Achegouse á política unha vez finalizados os seus estudos de enxeñaría agrícola es incorporouse “a un proxecto ilusionante, co que comparto valores e a visión para o desenvolvemento da nosa comunidade. A política local creo que é a que máis impacto ten no día a día das persoas. Fun concelleiro no goberno tres lexislaturas e estou facendo este terceira como portavoz na oposición”, explica o concelleiro.

Para el, que estivo no Goberno e agora na oposición, esta última faceta consiste en “realizar un traballo de control e seguimento das necesidades dos veciños e das parroquias,



que dispoñan de bos servizos. O noso labor é fiscalizar ao equipo de Goberno, asegurarnos de que a xestión municipal sexa transparente e eficiente, e propoñer alternativas que beneficien á poboación. Ao contrario do que se poida pensar, non estamos para criticar, senón para

“A nosa aposta está na tripla fórmula de traballo, vivenda e servizos”

achegar solucións, evitando medidas discriminatorias para unha parte dos veciños en beneficio de outros”.

Defende a postura do seu partido do que di que o seu proxecto “céntrase na mellora da calidade de vida en

Xermade, defendendo unha xestión máis transparente e eficiente. Impulsamos iniciativas con mocións, rogos e preguntas en ámbitos como a sustentabilidade, a mellora de infraestruturas e os servizos públicos. Ademais, traballamos para que as decisións municipais sexan máis participativas, dando voz aos veciños”. Así mesmo, lembra con orgullo o seu tempo no Goberno, cando o Partido Popular, que gobernou entre 1979 e 1015, levou adiante “moitos avances a tódolos niveis, tanto en rede viaria, alumeados públicos, redes de abastecemento e saneamento, polígono industrial, apoio a agricultores e gandeiros, concentración parcelaria dun 20 por cento do territorio, creación da estrutura dos Servizos sociais do Concello, fomento da cultura e etnografía...”

Cando analiza o seu papel na política local valora por unha parte os sacrificios que se realizan “que supón

dedicar horas de traballo, asistencia a plenos, reunións, análise de actuacións, estudo de propostas, todo iso sen os mesmos recursos que ten o equipo de Goberno, pois en Xermade a oposición non ten asignación económica para os seus gastos. Moitas veces resulta difícil compaxinar coa actividade profesional. Tamén implica enfrontarse a momentos de frustración cando as propostas non son escoitadas. Pero hai que facelo, porque se estamos aquí e porque temos vocación de servizo e queremos que Xermade prograse en servizos e calidade de vida”. Pero tamén ten un beneficio “a satisfacción de defender os intereses dos veciños e tratar de mellorar o noso concello. Tamén che permite coñecer en profundidade o funcionamento do Concello e traballar en equipo con persoas comprometidas”.

Presenta o seu principal obxectivo político como “traballar para que o noso concello sexa un lugar con máis oportunidades, mellores servizos e unha xestión municipal máis próxima e transparente. Tamén quero fomentar a participación cidadá na toma de decisións”. Ademais, define como liñas principais do seu programa cun “maior acceso á información municipal e fomento de participación popular, apoio a emprendedores e negocios locais, mellora de infraestruturas e servizos, xestión eficiente dos recursos naturais e apoio á mocidade e maiores con políticas de vivenda alcanzable e reforzo dos servizos sociais”.

Estas liñas están orientadas a invertir o descenso poboacional, polo que a súa aposta está “na tripla fórmula de traballo, vivenda e servizos”.

O Concello destinará a obras en vías a metade do Plan de Cooperación

A Xunta de Goberno Local reuniuse para abordar unha serie de asuntos, entre os que se atopaba a solicitude de participación no Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025, publicado no BOP nº 004 o 7 de xaneiro de 2025. A cantidade asignada a Xermade é de 309.520,31 euros, que nesta convocatoria se destinou a investimentos e gasto corrente a partes iguais: 154.760,16 euros para investimentos e 154.760,15 euros para o resto de programas. Destaca o incremento da cantidade solicitada para o Servizo de Axuda no Fogar modalidade de libre concorrencia, debido á suba do prezo hora

dende a finalización do contrato. No capítulo de investimentos o Concello aportará 15.325 euros para completar a obra de acondicionamento de camiños municipais nas parroquias de Burgás, Cazás, Piñeiro e Xermade. Ademais, realizará o acondicionamento dos camiños en Cabreiros, Candamil e Roupas.

Para o Servizo de Axuda no Fogar irán 61.684 euros e para o de reforzo do emprego son 83.171, que se destinará a obras e servizos de rehabilitación e a contratación de persoal. Finalmente, Os 9.904 euros restantes irán para sufragar o XXV Encontro de Torneiros.

EN BREVE

CD XERMADE. O CD Xermade organiza o sábado 15 de marzo unha cea baile con motivo do Entroido, que se desenvolverá no restaurante O Paso de Candamil. Haberá táboas, luras, croquetas e polbo, xarrete, sobremesa, café e licores a un prezo de 35 euros e organizado pola directiva do club. Para anotarse hai que facelo antes do día 12 de marzo coa directiva do club, no propio restaurante ou no Bar Pita.

REGUENGO. A parroquia de Cabreiros acollerá o 22 de marzo de 2025 as tradicionais Festas na honra a San Xosé. As celebracións comezarán ás 13:00 horas coa misa na capela e a posterior procesión, que contará coa participación do Grupo Alguerada da Acea. A continua-

ción, dará comezo a sesión vermú, amenizada polo Grupo Unión y Fuerza, garantindo ambiente e diversión. Despois, os asistentes poderán gozar dunha comida popular con un completo menú composto por empanada, xamón cocido, churrasco mixto con criollo e patacas, pan, sobremesa, bebida e café. O prezo da comida será de 25 euros, mentres que os nenos de ata 6 anos comerán gratis, e os de 7 a 11 anos pagarán 12,50 euros. Como extra gastronómico, ofrecerase unha degustación gratuítida de paella, elaborada polo cociñeiro Yari. A partir das 19:30 horas, dará comezo a esperada verbena, de novo coa actuación do Grupo Unión y Fuerza, que porá o broche de ouro á celebración con música e baile ata altas horas da noite.

LOUSADA. Lousada de Abaixo celebrará as súas festas na honra á Virxe das Dores e ao Santo Cristo os días 26 e 27 de abril. A programación arrincará o sábado cunha misa solemne ás 13:30 horas, seguida da procesión e da sesión vermú coa Orquestra Galaxia. Pola noite, a festa continuará cunha gran verbena a cargo das orquestras Galaxia e Los Satélites, garantindo unha noite chea de música e diversión. O domingo repetirase o programa relixioso e sesión vermú contará co grupo Master. Haberá xogos no campo cuberto con carpa e aparcamento gratuítido para todos os asistentes. Ademais, anúncianse as Festas de Lousada de Arriba, que terán lugar os días 7 e 8 de xuño, con animación musical a cargo das orquestras Capitol e Los Adrians.

riotorto

A Xunta anuncia o seu apoio á XVI Feira de Artesanía do ferro

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado polo director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, e pola xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, reuniuse co alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, para abordar distintos aspectos relacionados coa celebración da XVI Feira de Artesanía do Ferro, que terá lugar o próximo 20 de abril e que organizan o Concello e a Asociación para a Promoción Social dos Ferreiros de Riotorto co apoio do Goberno galego.

Este evento contribúe a divulgar o oficio tradicional do ferro, estreitamente vinculado á zona oriental da provincia de Lugo, e a poñer en valor o labor dos ferreiros fomentando a remuda xeracional. Con ese fin, contará cun amplo programa de actividades que se están a perfilar e entre as que se inclúen as demostracións ao vivo e obradoiros relacionados con este oficio.

A organización do evento aínda non fixo público o programa pero espérase que novamente conte con demostracións in vivo de oficios, nas que haberá pirogravado, torneado de madeira, cestería, cerámica e cristal tallado ademais da artesanía do ferro e os obradoiros infantís.

Normalmente esta celebración con-



ta tamén con outro tipo de espectáculos musicais e postos de comida durante todo o día no que é un dos días grandes de Riotorto.

A Feira do Ferro que se celebra en

Riotorto dende o ano 2007 no mes de abril é un gran encontro, un dos piares clave da súa economía. Xurdiu a iniciativa de catro amigos que en 2006 comezaron a pensar en como promover a súa profesión.

Na actualidade na zona de Riotorto hai aproximadamente unha ducia de persoas facendo pezas de ferro, pero a súa situación non é sinxela. "Séguese consumindo moito ferro, séguense demandando pezas para o monte e para as plantacións, ademais de utensilios sinxelos para as casas, pero comparado con hai anos vai descendendo. En tódolos sitios unha ferramenta manual fai falla, o sector das ferramentas é necesario, pero a artesanía non pode competir cos prezos das fábricas", din dende a asociación.

O Sergas cubre unha das prazas do centro de saúde da vila

Despois das protestas e as recollidas de formas, o Sergas comunicou ao Concello de Riotorto a incorporación dun médico fixo no centro de saúde local.

A data de incorporación prevista é o 10 de marzo para atender esta consulta de forma continuada.

Esta nova foi moi ben recibida pola veciñanza que se manifestou e protestou por distintas vías reclamando a cobertura estable e a tempo completo das dúas prazas de medicina familiar do centro saúde.

Nos últimos anos, o centro de saúde de Riotorto pasou de contar dous facultativos en horario completo a contar unicamente coa atención, a tempo parcial, entre dúas e catro horas ao día, dun único facultativo.

O BNG considera que "manter a mobilización social é fundamental para frear os recortes de persoal no centro de saúde como consecuencia da política sanitaria do PP, que en Riotorto conta, ademais, co silencio cómplice do goberno municipal".

Convocado o Entroido dos centros veciñais e un maratón de tute en Órrea

Riotorto acollerá o I Maratón de Tute Santa Comba da Órrea, que se celebrará o vindeiro 22 de marzo a partir das 18:00 horas no Local Social da Órrea. Este evento, organizado pola Comisión de Festas en colaboración coa Asociación de Veciños, promete unha intensa competición para os afeccionados a este tradicional xogo de cartas.

Os participantes competirán por importantes premios, sendo o primeiro de 900 puntos, o segundo de 500 puntos e o terceiro de 200 puntos. Ademais, haberá unha rolda de pesca, na que os tres primeiros clasificados recibirán 300, 200 puntos e dúas caixas de viño Rioja, respectivamente. Os premios están calculados para un total de 32 parellas, polo que, no caso de non acadar esa cifra, os premios serán axustados proporcionalmente.

A inscrición terá un custo de 100

puntos por parella e poderá realizarse ata o día 19 de marzo ás 24:00 horas, contactando con Gervasio, Hilda ou Nerea nos teléfonos indicados na convocatoria.

Para completar a xornada, ás 21:00 horas terá lugar unha cea a base de churrasco de porco, viño e auga, que servirá como punto de encontro e convivencia entre os participantes e asistentes.

ENTROIDO. O Concello organiza un ano máis unha comida de Entroido, que terá lugar o mércores 19 de marzo. A xornada dará comezo ás 14.30 horas e estará amenizada por un dúo musical Ángel América.

O menú, que ten un prezo de 30 euros por persoa, inclúe sopa, cocido completo, sobremesa, café e bebidas. A data límite para anotarse é o 16 de marzo, e terá que facerse nos centros veciñais.

Convocada unha nova edición do Concurso de Debuxo e Relato da Filloa

Vén de convocarse a nova edición do Concurso de Debuxo e Relato-Filloa 2025, no que están invitados a participar os diferentes centros escolares de primaria e secundaria de toda a comarca da Terra Chá, sobre vinte e cinco.

Nesta edición, á XXV do concurso, os nenos terán que facer os seus traballos sobre A Filloa. Os traballos gañadores serán expostos durante a celebración de dita festa gastronómica, e os galardoados recibirán os seus premios despois do pregón da Festa o vindeiro primeiro de maio. Mantéranse este ano as cinco categorías con dous premios en cada una, divididos en ata 6 anos, de 7 a 8; de 9 a 10, de 11 a 12 e de 13 a 18 anos.

O prazo de entrega de traballos remata o 23 de abril e estes deben mandarse á asociación convocante. Como vén sendo habitual para os premios contarase coa colaboración por parte da Universidade de Santiago de Compostela.

Dende que comenzara a organizar a Festa da Filloa, colaboraron desinteresadamente, xa non só os veciños de Muimenta, senón tamén os dos pobos limítrofes, alcanzando case os douscentos colaboradores, que durante toda a xornada realizan filloas, churrasco, queimada, café e atenden á xente que se acerca ese día a xantar ata a vila.

A organización da Festa da Filloa recae na Asociación de Empresarios de Muimenta, a través das comisións da

Moexmu, e colaboran o Concello de Cospeito, a Deputación Provincial de Lugo (área de Turismo), a Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e numerosas empresas e particulares.

CONCURSO DE FILLOEIRAS. O vindeiro sábado 22 de marzo, ás 15:30 horas, celebrarase no recinto feiral Manuel Vila un curso gratuíto de elaboración de filloas, unha oportunidade perfecta para aprender esta tradicional receita galega. A actividade, organizada por Moexmu 2025, está aberta a todas as persoas interesadas en coñecer os segredos da preparación deste prato típico.

Ao rematar o curso, os participantes poderán gozar dunha degustación das filloas elaboradas. As inscricións poden realizarse na Mercería Teresa ou chamando ao número 982 504 002. A iniciativa busca promover a gastronomía tradicional e fomentar o coñecemento das técnicas artesanais da cociña galega.

CALIGRAMAS. A Asociación de San Martiño de Pino fixo a entrega de premios do Certame de Caligramas Constanza de Castro.

Este ano o premio correspondeu a Nanda Misa, de Nigrán, pola obra *Teimuda*. O segundo premio foi para Beatriz Dourado, de Lugo, por *Salvaxe*. Neste concurso actuaron como xurado Noa Pena, Xesa Rábade e Loli Domínguez.

A Xunta e o Concello unifican criterios para a atención aos maiores

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, reuniuse esta mañá co alcalde de Cospeito, Armando Castosa, para avaliar novas iniciativas e programas para a atención ás persoas maiores deste concello e promover un envellecemento activo e saudable entre a veciñanza.

Neste sentido, o director xeral lembrou que a Xunta de Galicia destinou o pasado ano máis de 260.000 euros para o financiamento dos bons coidados no fogar deste concello. Trátase dunha achega de 5.000 euros anuais para aquelas persoas

que prefiren ser coidadas nas súas casas por alguén da familia. Ademais, destacou que este concello conta tamén cun centro de día público, que presta unha atención diúrna a 40 veciños da contorna.

Antón Acevedo sinalou a importancia de impulsar novos programas de envellecemento activo e saudable para as persoas maiores, especialmente nos concellos máis rurais de Galicia. Así, indicou que a Xunta de Galicia segue traballando para garantir a mellor atención dos maiores no lugar que eles decidan.

“A Moexmu é un evento con moito mérito e cita de referencia”

Ricardo José Durán Rodríguez, pregoiro da próxima edición da Moexmu

A XLI Moexmu de Muimenta, que se celebrará os vindeiros 4, 5 e 6 de abril do 2025, xa ten pregoiro: Ricardo José Durán Rodríguez. Este profesional, nado en Ferrol, é licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña. Despois de supervisar durante 4 anos e medio (2009-2013) a Fundación Semana Verde de Galicia, pasou a dirixila en 2013.

Como recibe o nomeamento de pregoiro da Moexmu?

Tanto para min como para a Fundación Semana Verde de Galicia, á que represento, é unha honra ser o pregoiro da Moexmu, unha feira cunha ampla traxectoria e un gran recoñecemento por parte do sector. Dous factores que constatan a súa valía. Ademais, a miña participación supón una magnífica oportunidade para irmandar as dúas feiras e crear sinerxías que sexan proveitosas para o sector. E para isto é unha vantaxe que ambas feiras teñamos as mesmas ganas de contribuír ao desenvolvemento, tecnificación e posta en valor do ámbito agropecuario.

Cal é a súa vinculación coa feira?

A verdade é que ata agora a vinculación era a admiración pola miña parte cara un evento tan exitoso nunha parroquia de menos de 800 habitantes, á cal acoden entre 7.000 e 10.000 persoas en cada edición da feira. Porén, agora non só estarei atento a todos os seus pasos, senón que dende a Fundación Semana Verde de Galicia estamos abertos a unha colaboración entre ambas entidades en aspectos que consideremos de interese tanto para a Moexmu como para a nosa Feira Profesional de Maquinaria, Agricultura e Gandería, Abanca Cimag-GandAgro.

Como ve esta Feira sectorial de Muimenta? Cal pode ser o segredo do seu éxito?

Ademais dun evento con moito mérito é unha cita de referencia para o agro galego que segue superándose

e cumprindo anos con moi boa saúde. Unha consideración que non é só miña, senón de miles de agricultores e gandeiros, como demostran os seus bos resultados e a súa afluencia de público. En canto á clave do seu éxito, creo que combina a tenacidade dos seus organizadores durante 40 anos cunha proposta de feira acorde aos intereses dos agricultores e gandeiros, que contan cun atractivo escaparate de produtos e servizos e cun valioso punto de encontro. E iso é o que todas as feiras deberían ofrecer.

Que lle achega a Moexmu ao panorama agrogandeiro galego?

O que achega este certame ao panorama agrogandeiro galego é precisamente o que acabo de comentar, un espazo en clave galega para coñecer novidades, intercambiar experiencias tanto con empresas como con outros gandeiros e agricultores e mesmo analizar a actualidade e os retos que todos cantos formamos parte deste sector temos por diante. E sen esquecer o que achegan importantes citas concretas dentro da feira, como os concursos tanto morfolóxicos como de preparadores e manexadores de gando frisón, a exposición de rubia galega e a poxa de gando selecto.

Son necesarias as feiras sectoriais?

A súa propia existencia xa revela que son útiles, máis aínda cando reúnen con bos resultados tanto a empresarios como a visitantes. Pero, ademais, penso que no hai mellor marco que unha feira sectorial para descubrir, interaccionar, testar...con empresas e outros profesionais que comparten os teus mesmos intereses e inquedanzas.

Fálenos un pouco do seu traballo á fronte da Fundación, Cales foron os cambios desenvolvidos?

A Fundación Semana Verde de Galicia celebra no recinto Feira Internacional de Galicia Abanca feiras e

eventos de multitude de sectores, así que o meu traballo á fronte desta entidade é moi enriquecedor, á par que supón en moitos casos un reto, ao comezar novos proxectos ou adentrarnos en novos sectores. Uns retos que tamén teñen sido paralelos aos cambios desenvolvidos na Fundación dende que ocupo o posto de director, o cal asumín no 2013. Así, multiplicouse exponencialmente o número de eventos celebrados no recinto, pasando de 6 eventos maiores en 2013 a máis de 20 no ano 2024, supoñendo ademais a incorporación de novos sectores produtivos aos que a entidade presta servizo. Así mesmo, a facturación da entidade feiral pasou de 1,7 millóns de euros en 2013 a 4,3 millóns en 2023, o que supuxo un 153% máis. En canto ao superávit, nese período foi de 1,8 millóns de euros. Isto supón que a Feira Internacional de Galicia Abanca sexa hoxe un recinto con moita actividade e con gran puxanza económica.

Vinculado como está ao mundo agrogandeiro galego, como ve o futuro do sector?

Vexo o sector agrogandeiro con bases sólidas e con moito futuro dende un punto de vista estratéxico, xa que a alimentación imos ter que apoiarla dentro das nosas fronteiras. Así mesmo, hai unha clara aposta en Galicia por dous aspectos que son esenciais para o seu futuro, o I+D+i para a súa produtividade e facilitación do traballo, e o relevo xeracional.

Hai un relevo xeracional? Ou a xuventude segue a escapar do rural?

Polos datos que teño, cónstame que a administración galega está facendo un esforzo para que si haxa relevo xeracional. Así mesmo, todos cantos estamos implicados no sector, dun xeito ou doutro, somos conscientes da necesidade da súa tecnificación, polo que comentaba antes da produtividade, pero tamén para que



este sector poda ser máis atractivo para máis xente, especialmente para a xente máis nova. Sendo así, espero que a tendencia de escapar do rural diminúa e incluso haxa un retorno significativo.

Está claro que hai unha necesidade por impulsar o sector, que cousas quedan por facer?

Una vez que temos unha rexión con

tan boas materias primas e uns profesionais tan cualificados e cun coñecemento tan alto das potencialidades destas materias primas, creo que temos que sacarles o máximo rendemento ás mesmas. Buscar o valor engadido para esas materias primas é unha maneira moi razoable para conseguir o impulso do sector.

Francisco Javier Freije xulgará na Moexmu

A comisión organizadora da XLI edición da Mostra Exposición de Muimenta, Moexmu, continúa coas súas reunións de traballo e ultimando o programa de actividades para os vindeiros 4, 5 e 6 de abril. O xuíz desta edición será Don Francisco Javier Freije Freije. Propietario de Casa Roxo en Vegadeo (Asturias), unha explotación gandeira de carácter familiar, con 190 cabezas de gando (94 en ordeño), unha produción media de 11.620 kg. de leite e unha media de cualificación de 83 puntos. Casa Roxo é a segunda explotación por ICO do Principado de Asturias.

A súa experiencia como xuíz é ampla. Freije é Xuíz Nacional de Conafe en activo dende 2004, ano no que acudiu á Moexmu por primeira vez. Dende dita data, xulgo numerosos concursos, en Asturias, Castela León, Mallorca, Guipúzcoa, Cantabria, Tolosa, entre outros.



Tamén estivo en tres ocasións na Moexmu. Tamén foi director Técnico da XXXVII Escola de Xuíces Gandeiros celebrada en el Valle de Los Pedroches (Córdoba) e da XXXIX Escola de Xuíces Gandeiros celebrada en Cantabria en marzo de 2022. En Portugal xulgo en varias ocasións, dende o concurso de Agroleite en 2005, ata o último, que foi o de Ponte Lima en 2023.

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA RACIONES
HAMBURGUESAS FREZAS DE VERDAD
REVUELTOS FREZAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS RAXO PATATAS
ALGO PARA COMPARTIR TAPAS

SABOREAR TORTILLAS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

BODEGA

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

A Xunta dá luz verde á repotenciación do parque eólico local

A Xunta de Galicia resolveu favorablemente as declaracións de impacto ambiental (DIA) de tres proxectos de parques eólicos na comunidade que permitirán reducir en 111 os aeroxeradores instalados no territorio, ao pasar dos 134 actuais a só 23, entre os que está o de Muras (situado entre os lucenses de Muras e Ouro).

A repotenciación do parque eólico Muras, cunha potencia de 47,3 megavatios, suporá o cambio de equipamentos e instalacións asociadas a el para pasar de contar con 74 aeroxeradores a só 11. Mentres, no caso de Coriscada reducirase o número de muíños de 40 a 4, para unha potencia total de 24 megavatios, e no de Serra da Panda baixárase a 8 aeroxeradores, fronte aos 24 actuais, cunha potencia total de preto de 18,5 megavatios.

Estas modificacións nos parques

traduciranse nunha mellora substancial da súa eficiencia reducindo o impacto na contorna pois a repotenciación consiste xustamente en substituír as máquinas instaladas por outras máis modernas e eficientes, de forma que con moitos menos aeroxeradores se garante practicamente a mesma potencia ou se incrementa incluso de maneira considerable a produción de enerxía renovable.

O Goberno galego deu luz verde ambiental no último ano aos proxectos de repotenciación voluntaria de nove parques eólicos -entre os que se atopan estes tres-, o que suporá eliminar 286 aeroxeradores do territorio galego ao pasar dos 361 que suman na actualidade estas nove iniciativas a unicamente 75. As modificacións previstas tamén permitirán incrementar un 35% a produción de enerxía.

O edil popular Julio Díaz deixa o partido e pasa ao grupo mixto

O panorama político de Muras dá un novo xiro tras a decisión do edil Julio Díaz de abandonar o Partido Popular (PP) e integrarse no grupo mixto, onde está o PSOE, alegando “discrepancias internas” coa formación.

A decisión de Díaz deixa ao PP con só dous representantes no pleno municipal, no que o goberno en minoría do BNG, liderado polo alcalde Manuel Requeijo, xa tiña que xestionar unha situación política complexa. Ata o de agora, a oposición estaba conformada por tres edís populares, tres do BNG e un único representante do PSOE.

Díaz, que se estreou na política local en 2023 como número dous da lista do PP, anunciou tamén a súa dimisión como secretario do partido a nivel municipal. “Unhas circunstancias internas dentro do partido deixaron claro que a mellor decisión era dar un paso ao lado”, explicou o concelleiro, que ademais explicou a súa decisión de pasar ao grupo mixto “porque os veciños me elixiron e débome a eles. Moitos me dixeron que non dimitira así que seguirei facendo política desde o grupo mixto”.

Díaz defendeu o seu compromiso co partido, “xa que para coller o cargo de concelleiro tiven que coller unha excedencia non meu traballo, iso demostra o meu compromiso”.

A súa marcha provocou sorpresa tanto no BNG como no PSOE, que ven nesta reconfiguración unha posible vía para desbloquear a parálise do pleno municipal. Nos últimos meses, os desacordos entre os grupos dificultaron a aprobación de asuntos clave, incluído o pago a provedores por valor de máis de 350.000 euros,



unha situación que levou a algún deses impagados a facer unha denuncia.

Preguntado si este cambio podería dar unha volta á situación no Concello de Muras afirmou que “se votou en equipo baseándonos nun informe porque non se pode votar algo que non procede, por iso se mantivo esa liña. Agora, no grupo mixto votarei tamén seguindo esa liña, non vou cambiar de forma de pensar”. Asegura Díaz que a súa relación cos compañeiros de corporación é boa. “Cada un temos unha forma de pensar e de ver as cousas, e como estamos en democracia cada un toma as decisións que cre máis convenientes”, concluíu.

Aínda así, o futuro político do Concello de Muras está agora máis aberto que nunca, cun panorama no que as negociacións e posibles pactos poderían xogar un papel determinante nos vindeiros meses.

Pola súa banda, o alcalde Manuel Requeijo, asegurou que non se quere meter en asuntos internos dos partidos, pero que entende que a situación que se está vivindo no Concello

de Muras, “bloqueado pola alianza de PP e PSOE para non deixar sacar adiante ningún proxecto está a repercutir directamente nos veciños, que saben o que está a pasar”. Considera que a saída de Julio Díaz pode ser unha vía para desatascar a situación, “coa que os veciños non están contentos”.

A presidenta do Partido Popular, Elena Candia, asegurou non ter información sobre o motivo que levou á saída do edil do grupo popular mantívose na liña da cabeza de lista de Muras, Eugenia Requeijo, á que mostrou o seu apoio e sobre a que dixo que “levou os intereses do seu concello incluso ao Congreso, defendendo aos agricultores e gandeiros”.

CAMBIO DO VOTO DO PP. Días máis tarde, o PP instou ao alcalde a levar a Pleno o pago de facturas a provedores e ofrece a súa abstención para favorecer que autónomos e pequenas empresas cobren o que lles está a deber o Concello “sempre e cando o rexedor nacionalista dea máis explicacións á oposición nos anos que quedan de mandato: que nos explique punto por punto os gastos que xera no Concello”.

A voceira dos populares de Muras, Eugenia Requeijo, subliña que “adoptamos esta decisión responsable e consensuada con todo o equipo do Partido Popular de Muras” porque “somos sensibles coa situación de autónomos e pequenas empresas que sofren a mala xestión económica do alcalde e do seu goberno” e por iso “ofrecemos a nosa abstención para que poidan cobrar polos seus traballos”.

EN BREVE



PREMIOS. A Delegación Territorial da Xunta en Lugo acolleu o acto de entrega dos premios do concurso infantil de debuxo convocado con motivo do Bicentenario da Policía Nacional. No acto entregáronse os premios aos catro primeiros clasificados de cada categoría, que recibiron un lote de libros, un diploma acreditativo e un calendario no que se recompilan os debuxos galardoados. Na primeira categoría foi premiada Noela Insua Requeijo, do CEIP Antía Cal Vázquez e na terceira Cristian Prieto Gómez, do mesmo centro.



QUEDADA LANEIRA. Puntadas Con Agarimo organizou unha quedada laneira na que é a súa undécima edición desprazándose ata Muras. Esta cita tivo lugar na Casa do Médico e contou cun gran éxito de participantes, que ademais de tecer, calceta e gancho, compartiron experiencias e técnicas durante toda a tarde.

Convocan as axudas a estudantes deste curso e do pasado

O Concello de Muras abriu o prazo de solicitude das axudas a estudantes destinadas a libros, material complementario, transporte, aloxamento e conexión a Internet, en función das etapas educativas.

Así, estas van de ata 50 euros para educación infantil e primaria ata 200 euros para Secundaria e Bacharelato. Para alumnado de educación especial ou con discapacidade as axudas aumentan ata 250 euros ou máis mentres que os estudantes universitarios e de formación profesional disporán de axudas que oscilan entre os 350 e os 1.000 euros dependendo dos seus ingresos. Ademais, mantense unha liña de

axuda máis novidosa, que son os cen euros para a conexión a Internet e estréase unha subvención de mil euros para estudantes no estranxeiro. Debido a que estas axudas non puideron aprobarse en Pleno, como estaba establecido, este ano as axudas serán para o curso en vigor, e tamén para o curso pasado, 2023/24 con carácter retroactivo.

As axudas, que deberán solicitarse no Concello a través das vías habituais, terán de prazo ata 6 de marzo. A liña de axuda de 100 euros, destinada a subvencionar a contratación de Internet nos fogares, créase “posto que é necesario que os estudantes conten cunha conexión de velo-

cidade media-alta, para combater a fenda dixital, e garantir que todo o alumnado de Muras matriculado en calquera nivel educativo conte con este tipo de conexión”, explica a convocatoria.

“O Concello, como Administración pública máis próxima á cidadanía, pode e debe poñer todos os recursos económicos dos que poida dispoñer para contribuír, mediante o establecemento de bolsas de estudos, aos gastos que lles supón ás familias o ensino dos seus fillos/as. O investimento na educación é sempre unha garantía de futuro para calquera sociedade”, conclúe o alcalde, Manuel Requeijo.

DEPUTACIÓN

O Pleno esixe á Xunta que retire as reformas sobre a dependencia

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta de Galicia que retire as reformas na Lei de Servizos Sociais porque “deterioran a calidade da atención á dependencia”. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de febreiro tras unha moción dos socialistas que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

Avanzou o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, que os cidadáns maiores están intranquilos “polo enorme atraso que leva a Xunta nas solicitudes de dependencia. E o Goberno galego en vez de poñer medios para resolver a situación, o que fai é castigar aos concellos”. Puxo como exemplo o Servizo de Axuda no Fogar, lembrando que a Xunta pretende sancionar aos municipios que non cubran o SAF.

Nese sentido, explicou que a Xunta acumula atrasos importantes na valoración das persoas que solicitan a dependencia, pero tamén atrasa en facer efectiva a prestación desde o momento en que esta se concede. Unhas cifras ás que se suman as máis de 1.800 persoas recoñecidas polo Goberno galego que demandan praza nunha residencia.

O texto da moción recolle, en concreto, instar á Xunta de Galicia a que retire de inmediato os cambios introducidos na Lei de Servizos Sociais que permiten a persoas sen titulación adecuada tramitar e informar as solicitudes da Lei de Dependencia; que habilite medidas reais para garantir a correcta valoración da Dependencia, a resolución en prazo das solicitudes e que acorte o prazo de espera entre que se concede a prestación e esta se fai efectiva; que se



deseñe un plan de reforzo do sistema público de Servizos Sociais para dar resposta tanto ás necesidades actuais das persoas que esperan por unha praza de residencias, como ás situacións de incremento de demanda que fai previsible o proceso de envellecemento da poboación.

A reclamación ao Goberno do Estado para que cumpra a súa obriga de cofinanciar o 50% da dependencia e saldar a débeda acumulada de máis de 2.500M€ con Galicia foi aprobada cos votos a favor dos deputados do PP, a abstención do BNG e o voto en contra do PSOE “que se nega a reclamar a Sánchez o que está a negar a Galicia”, segundo incide o portavoz, Antonio Ameijide.

Balado explica que “o nivel mínimo que se paga por cada persoa atendida mensualmente debe financeiro o Estado” que só aporta 76€ dos 100€ que debera achegar para o grao I e só 132€ para o grao II cando debera aportar 150€. “Isto supón que a débeda dende o 1 de agosto de 2023 polo impago das contías mínimas ascenda a 12,3M€ adicionais”.

O Pleno sacou tamén adiante unha

moción dos socialistas para pedirle á Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de promoción de vivenda pública “urxente” que cubra as necesidades na provincia de Lugo, onde constan 2.252 demandantes. A proposta saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

Aprobadas ademais por aclamación dúas declaracións institucionais consensuadas para reivindicar o Día Internacional da Muller que se conmemora o vindeiro 8 de marzo e outra para promover a prevención, a investigación, o diagnóstico precoz e o tratamento das enfermidades raras. A Deputación instará á Xunta a crear unha Valedoría de Igualdade, que asesore e asista as mulleres diante de posibles situacións de discriminación por razón de xénero que se produzan no sector privado. A iniciativa do BNG, presentada como proposta do goberno provincial aprobouse no pleno. Tamén saíu adiante a unha moción que reclama á Xunta unha nova convocatoria de axudas á incorporación e plans de mellora na actividade agraria.

A Deputación reforza o apoio á Reserva da Biosfera Terras do Miño

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, anunciou que a Deputación de Lugo reforzará en 2025 o apoio ao tecido asociativo que traballa no territorio.

No marco dos órganos reitor e participativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, aprobouse unha asignación de 220.000 euros, o que supón un incremento do 270% respecto ao ano anterior.

Na sesión tamén participaron o deputado de Medio Ambiente, Carlos López, e o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera.

Segundo destacou García Porto, este aumento responde ao compromiso da institución co medio rural e a protección ambiental, cumprindo así co anunciado previamente polo presidente da Deputación. “O traballo dos colectivos é fundamental para consolidar Terras do Miño e os seus 26 concellos como un referente en protección ambiental e desenvolvemento sostible e inclusivo”, sinalou a deputada.

Para 2025, establecéronse dúo liñas de axuda. A primeira, destinada a financiar actividades, dóbrase desde os 60.000 euros ata os 120.000 euros. A segunda, unha nova liña de financiamento de in-

vestimentos, contará cunha dotación de 100.000 euros.

Así mesmo, os órganos reitor e participativo aprobaron a proposta de actuacións estratéxicas para este ano, aliñadas co Plan de Xestión 2024-2034. Este centrarase na conservación, o desenvolvemento sostible e o apoio loxístico da Reserva. Na programación anual inclúense preto de 100 actividades, como iniciativas de educación e divulgación ambiental no Centro de Interpretación, proxectos nos hortos urbanos do Rato e diversas accións nos municipios da Reserva.

Durante a sesión, García Porto informou que a Reserva da Biosfera Terras do Miño superou con éxito a segunda revisión decenal realizada polo Consello Científico Español e aprobada polo Consello Internacional de Coordinación das Reservas da Biosfera da Unesco.

Este proceso de avaliación, que se leva a cabo cada dez anos, permite analizar o funcionamento, zonificación e grao de implicación da poboación, proporcionando un estudo cualitativo das accións implementadas no territorio.

No marco desta sesión, aprobouse tamén a incorporación da Asociación Frodeira, do Concello de Láncara.

Presentan as liñas estratéxicas en materia de turismo para o 2025

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu unha reunión deste órgano participativo e consultivo, no que avanzou as accións da institución provincial para este ano 2025 e se ratificaron as bases dos Premios de Turismo que serán en setembro.

García Porto sinalou que a institución provincial seguirá a reforzar o seu modelo de turismo de calidade e sostible, deseñado para posicionar a provincia como “un destino de refe-

rencia” baseado nunha oferta diversa e respectuosa co medio ambiente que é capaz de fomentar o desenvolvemento económico local. Entre as iniciativas destaca unha nova edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, este ano coa participación de 132 colectivos sen ánimo de lucro.

“A proxección nacional e internacional tamén seguirá a ser un eixo clave na estratexia turística da nosa provincia”, avanzou Pilar García Porto. Sinalou que a institución xa participou en este comezo de ano en fei-

ras e eventos da transcendencia de FITUR, Dakar ou Madrid Fusión e ten ademais confirmada a colaboración en grandes citas deportivas, como La Vuelta. Ademais as rutas fluviais seguirán a ser unha proposta estratéxica fundamental na Ribeira Sacra durante o 2025.

O Consello de Turismo ratificou ademais as bases da sexta edición dos premios á excelencia do turismo da provincia nas diferentes categorías: Lugo Cambia ao Turismo Lucense, Turismo Sostible e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

Regresa esta primavera o programa de música tradicional Tradigalu

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha unha nova edición de Tradigalu, que levará actuacións de grupos de música tradicional, bandas e corais polas distintas comarcas ata final de ano.

A área de Cultura reforza o programa que contará cun 350.000 euros – 100.000 máis que na última anualidade - e que ten como principal obxectivo promover e difundir a música popular e tradicional, fomentando a súa presenza nas programacións musicais e culturais de asociacións e concellos.

A deputada Iria Castro destacou que “ampliamos a dotación do programa, que o ano pasado volveu ter unha gran demanda por

parte das asociacións e concellos e que xera unha parte importante da actividade das agrupacións de música tradicional, fundamentais na conservación do noso patrimonio musical”. En 2024, Tradigalu permitiu programar máis de 250 actuacións.

As asociacións e colectivos interesados en participar no programa poden consultar as bases na web cultura.deputacionlugo.gal e trasladar as súas demandas a área de Cultura a través do enderezo electrónico cultura@deputacionlugo.gal. A área de Cultura asume o 80 por cento do custo da actuación.

Asociacións e concellos deben aboar aos grupos o 20 por cento restante.

TERRA CHÁ

O SLG mobilízase pola denegación de axudas ás novas granxas



O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) organizou en Lugo unha concentración diante da delegación da Xunta de Galicia para esixir un aumento do orzamento para as axudas de incorporación e mellora do sector agropecuario.

A mobilización chega despois de que a Consellería de Medio Rural denegase unha gran parte das solicitudes de axudas, deixando fóra ao 74 % das granxas que solicitaron plans de mellora.

O SLG denuncia que o orzamento para 2024-2027 é insuficiente, e alerta de que o 70% das persoas titulares de granxas se xubilarán nos próximos anos, mentres que só se espera que se cubra un 5 % dos abandonos.

Isabel Vilalba Seivane, secretaria

xeral do SLG, cuestiona a escasa dotación económica e critica a falta de apoio ás persoas novas que queren incorporarse ao sector.

Diante desta situación, o SLG solicitou unha serie de medidas urxentes, como a convocatoria inmediata das axudas para 2025, a dotación de fondos suficientes para garantir que ningunha granxa quede fóra das axudas, e cambios nos criterios de concesión para garantir a igualdade de oportunidades. Ademais, exige a creación dun comité de seguimento para mellorar a transparencia na xestión das axudas.

A organización sindical advertiu que, se non se corríxen estas deficiencias, a situación pode desincentivar a incorporación de novas persoas ao sector agrícola e pecuario.

Os concellos da comarca contan con novo Servizo de Atención Temperá

A agrupación de concellos de Mondoñedo, Abadín, Barreiros, Lourenzá, Pastoriza, A Pontenova, Riotorto, Trabada, Meira e Pol pon en marcha un novo Servizo de Atención Temperá, un recurso público e gratuito dirixido á infancia e ás súas familias. Este servizo está destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos. O seu obxectivo principal é favorecer a autonomía e a inclusión social dos menores, ofrecendo unha intervención temperá e adaptada ás necesidades individuais de cada caso.

Entre os beneficios do Servizo de Atención Temperá destacan o apoio especializado para os menores e as

súas familias, a intervención temperá para facilitar o desenvolvemento persoal e a promoción da igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas.

O Servizo de Atención Temperá de Mondoñedo atópase na Avda. Bos Aires nº 19 (Colexio Novo), en Mondoñedo (Lugo). As persoas interesadas poden contactar a través do número de teléfono 982 52 20 31 ou do correo electrónico atenciontemperamondonedo@gmail.com.

O horario será de luns a xoves, de 8:00 h a 15:00 h e de 16:00 h a 19:00 h, e os venres de 8:00 h a 15:00 h.

Este programa está cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

“Buscamos que o noso traballo se recoñeza e gañemos apoios”

Roberto Hermida, biólogo da asociación Morcegos de Galicia

Canto tempo leva funcionando e cal é a súa finalidade?

Morcegos de Galicia naceu en Lugo no ano 2004, co nome, daquela, de asociación Drosera. A finalidade é contribuír ao coñecemento e a conservación do patrimonio natural galego. Cos anos fomos especializándonos cada vez máis no estudo e conservación dos morcegos ata que chegou un momento en que ocupaba o 100% do noso traballo. Entón decidimos cambiar o nome da entidade polo de Morcegos de Galicia, que era o nome baixo o que englobábamos todo o que faciamos de morcegos e que nos representa mellor.

Como xurdiu a idea?

Os morcegos interesáronnos desde sempre, pero foi no ano 2007 cando demos o verdadeiro salto profesional ao mundo dos morcegos. Naquel momento aínda se sabía ben pouco sobre as especies presentes en Galicia e a súa distribución. Decidimos lanzar un proxecto de atlas dos morcegos de Lugo e iso levounos a contactar con outra xente que estaba a facer cousas con morcegos e que se uniu ao grupo, puxemos en marcha a páxina web e comezamos a colaborar co grupo de morcegos da Estación Biolóxica de Doñana, dos que aprendemos moito. Nos anos seguintes fixemos os proxectos máis importantes que se teñen feito en Galicia con morcegos.

Teñen a sede nas Pontes, pero o seu traballo lévaos por máis sitios, non?

Traballamos por toda Galicia e colaboramos en proxectos doutras comunidades. O feito de estar a sede nas Pontes é casual.

Cales son as súas principais actividades?

Realizamos diferentes actividades enfocadas ao estudo, a conservación e a divulgación sobre os morcegos. Todos os anos desenvolvemos varios pequenos proxectos de investigación e tarefas de seguimento po-boacional en refuxios co obxectivo de mellorar o coñecemento sobre a ecoloxía dos morcegos galegos. Nestes proxectos participan ás veces voluntarios e estudantes en prácticas ou que están a realizar traballos académicos. Ademais traballamos en varias liñas de conservación, como establecer acordos con propietarios de construcións que albergan colonias de morcegos ou protexer axeitadamente cavidades que lles serven de refuxio. E facemos moitas actividades de divulgación, como charlas



en colexios ou para asociacións, noites de morcegos (nas que ademais da charla, saímos a escoitar e ver os morcegos durante a súa actividade), ademais de manter as redes sociais de Morcegos de Galicia.

De cara á mocidade e xente nova hai moitas cousas no verán.

Sobre todo as noites de morcegos, que atraen a moita xente. Tamén realizamos un campo de traballo científico en colaboración coa Asociación Galega de Custodia do Territorio, o InsuaCamp, todos os veráns en Rábade. Este ano celebraremos a décima edición.

O colectivo está a crecer cos anos?

Medra pouco a pouco, si. Ao ter un obxectivo tan específico e que, no traballo de campo, require unha formación axeitada, tampouco buscamos aumentar en canto a número de socios. O que buscamos, sobre todo, é que o traballo que facemos cos morcegos sexa recoñecido, gane apoios e sexa máis eficaz. E iso lévanos a despreparar un montón de actividades e entrar en contacto cun montón de xente, o que ao final fai que máis persoas se acheguen aos morcegos a través de Morcegos de Galicia.

Contan con apoios privados ou de institucións?

Contamos con financiamento público e privado. Acudimos ás liñas de axudas que nos permiten abordar o

traballo que facemos con morcegos, por exemplo, as axudas para entidades ambientais da Deputación da Coruña ou as da Deputación de Lugo. E hai empresas que nos teñen apoiado tamén. Por exemplo, conservas Antonio Pérez Lafuente leva apoiándonos desde hai máis de dez anos. Hai liñas de traballo nas que nos gustaría traballar máis e mellor, como é a protección e adaptación de refuxios (naturais e artificiais), pero que son moi complicadas de financiar.

Sobre o morcego, hai un pouco de medo e as veces pouca afinidade. Temos unha idea equivocada deste animal e da súa importancia?

Si, hai moitos prexuízos contra os morcegos, pero igual que sucede con outros moitos animais. En Galicia, a nosa cultura tradicional achacaba diversos males a moitos animais e o que non era venenoso era de mal agoiro. Aínda hoxe hai moita xente que mira mal ás barbantesas, as denociñas ou moitas das cobras inofensivas que forman parte da biodiversidade galega. E tamén aos morcegos. Pero a nosa experiencia é que cando lle explicas a alguén como é a vida dos morcegos, a súa importancia nos ecosistemas e, máis aínda, cando lles das a oportunidade de observalo, a percepción mellora deseguido. Por iso son tan importantes as actividades de divulgación.

Ganderías da comarca triunfan no Open de Raza Frisona de Silleda

A vaca Kergo Ozalid 6818, da gandería Lagoa Serabel, de Xermade, alcanzou o premio Vaca Gran Campioa no XXXVII Open Internacional da Raza Frisona, celebrado na V Feira Profesional de Maquinaria, Agricultura e Gandería, Abanca Cimag-GandAgro 2025 en Silleda. En canto ao XXXII Concurso Autonómico, a vencedora foi Pozosaa Krusader 9450 Xela, de Casa Pozo, de Lugo.

Os premios ás Vacas Gran Campioas tanto Internacional como Autonómica, foron entregados polo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, quen no caso da internacional estivo acompañado polo director de banca sectorial de Abanca, Jesús Combarro, e en de a autonómica polo presidente da Federación Frisona Galega (Fefriga), Manuel Sandamil.

En total, aos certames presentáronse 159 animais de ganderías procedentes de distintos puntos de Galicia, Asturias, Cantabria, Cataluña e Portugal. Organizados pola Federación Frisona Galega (Fefriga) e a Fundación Semana Verde de Galicia co apoio da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, foron xulgados polo suízo Marcel Egli.

Rey 1239 Chief Divina, da gandería SAT Rey de Miñotelo, da Pastoriza, foi a Xata Gran Campioa. No Open



International, con premio patrocinado por Ucoga, a esta xata Gran Campioa uniuse como Reserva Gran Campioa Marquet Alyson Dynasty, da gandería Cal Marquet, de Pla de Sant Tirs, en Lleida (Cataluña).

En canto ao XXXII Concurso Autonómico da Raza Frisona Fefriga'25 recoñeceu-se á Reserva Gran Campioa, que foi Rey 1246 Dani Brahina, tamén de SAT Rey de Miñotelo.

Ademais, entregáronse os galardóns de Mellor Criadores de Xata. Así, no Autonómico o gañador foi SAT Rey de Miñotelo, mentres que co posto de subcampión alzouse gandería O Rubio, de Santa Comba (A Coruña). No Internacional o campión foi tamén SAT Rey de Miñotelo, mentres que o subcampión foi a gandería O

Campgran, de Sant Martí Sescorts, en Barcelona (Cataluña).

Dentro do programa de concursos de frisón, tiveron lugar o XX Concurso de Novos Preparadores, no que venceu Iker García Amarelle, da gandería O Rubio, de Santa Comba (A Coruña); e tamén o XLII Concurso de Mozos Manexadores, no que a gañadora foi Alba López López, da gandería Quintián, do Páramo.

Este Campionato recoñeceu ás maiores puntuacións nesta feira cos premios de Campión e Subcampión no marco de Abanca Cimag-GandAgro. O de Campioa foi para María Otero Naval, da gandería Fontixón, de Castro de Rei, a cal foi terceira no concurso de preparadores e a segunda no de manexadores.

O PP urxe ao Goberno central o arranxo da N-640 ao seu paso por Meira e A Pastoriza

O Partido Popular urxe ao Goberno central a inmediata mellora da estrada nacional N-640 entre os concellos da Pastoriza —no lugar de Paraxes, onde se atopa o tramo en peor estado— e Meira para “garantir a seguridade e reducir o risco de accidentes”. “Á vista dos anuncios de investimentos en municipios da provincia de Pontevedra, reclamamos actuacións urxentes nesta vía de competencia estatal, tal e como foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia”, sinala a deputada autonómica, Nicole Grueira.

Os populares botan en falta que o delegado do Goberno anuncie cando comezarán as obras na N-640 ao seu paso entre os termos municipais de Meira e A Pastoriza, así como o arranxo de todos os tramos deteriorados.

“A estrada N-640, que é a principal arteria de comunicación para os municipios da comarca de Meira, coa capital da provincia, coa Mariña oriental e Asturias atópase nun estado lamentable, co pavimento deteriorado e sen alumeadado, o que imposibilita unha circulación segura e normal”, lembra a deputada popular.



Vilalba uniuse ao grupo do Camiño do Bispo na reunión en Abadín

Os concellos polos que discorre o camiño real que une Mondoñedo con Ferrol, e que enlaza, en San Nicolás de Neda, co Camiño Inglés e co Camiño de San Andrés de Teixido, rebautizado como o Camiño do Bispo, celebraron en Abadín unha nova reunión xa coa incorporación de Vilalba e As Somozas, polos que transcorren tamén pequenos tramos da ruta.

Representantes dos municipios das Pontes, Mondoñedo, Abadín, Muras, Xermade, San Sadurniño e Neda, e tamén os de Vilalba e As Somozas teñen como obxectivo impulsar os territorios que vertebran o norte de

Galicia, “apostando polo turismo de calidade e a cultura”.

Os concellos reunidos en Abadín, xunto co presidente da Deputación e tamén alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, acordaron traballar para poñer en valor o Camiño Real, agora rebautizado como Camiño do Bispo e impulsar o desenvolvemento do turismo e a cultura a través desta ruta histórica. Unha das primeiras medidas será a sinalización do camiño, que correrá a cargo de cada Concello, e quedaron emprazados a traballar nos orzamentos e nos contidos dos paneis que se porán en cada un.



Familias afectadas pola falta de pediatra reúnense co Sergas

As familias dos concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospoite, que levan meses con protestas pola falta de atención pediátrica no seu centro de saúde de referencia, recibiron resposta, desde a xerencia da área sanitaria de Lugo, ás súas reclamacións. “As autoridades sanitarias recoñecen que a situación non é idílica e aseguran que o seu obxectivo é evitar demoras nas revisións infantís, así como garantir que as citas anuladas sexan reasignadas correctamente”, explican.

Afirmaron desde o Sergas ao colectivo “que o servizo está cuberto dentro das súas posibilidades, pero xustifican a situación pola falta de persoal dispoñible. Engaden que, na medida en que lles sexa posible, seguirán buscando solucións e cubrindo as ausencias mediante distintas xestións. Sinalan que teñen que facer numerosos movementos e xestionar múltiples opcións para tratar de chegar a todos os puntos necesarios”.

A petición das familias, comprometéronse a que, desde os centros de saúde, se reprogramen automaticamente as citas canceladas polo sistema, sen que sexan as nais e pais quen teñan que estar pendentes de chamar para solicitar unha consulta. “As familias xa eramos coñecedoras da problemática e agradecemos a atención prestada, mais a realidade é que non nos puideron asegurar prazos nin se nos garantiu unha solución máis satisfactoria”, explicaron. Porén, “seguimos reclamando unha atención pediátrica profesionalizada e especializada. Aínda que a normativa permita que médicas e médicos especialistas en comunitaria con formación en puericultura atendan á poboación infantil, consideramos que esta solución é insuficiente, tratándose dun parche que non resolve o problema. Insistimos en que as nenas e nenos teñen dereito a unha atención específica, acorde coas súas necesidades médicas un servizo de calidade”, engaden.

Arranca no CIS a unidade de radiodiagnóstico que atenderá a 15 concellos

A Unidade de Radiodiagnóstico do Centro Integral de Saúde de Lugo (CIS), situado no barrio da Residencia, comezou a funcionar en febreiro. Este novo servizo atenderá os pacientes remitidos desde os centros de Atención Primaria da súa área de cobertura, sumándose ao servizo xa operativo na Praza do Ferrol. Segundo o Sergas, esta ampliación permitirá duplicar a capacidade asistencial na capital lucense, facilitando a realización dun maior número de placas-probas de radioloxía convencional- e reducindo os tempos de espera.

A Unidade está situada na planta principal do CIS e conta con instalacións modernas e funcionais, que inclúen varias salas e un equipo

de radioloxía dixital de última xeración. As radiografías serán realizadas a pacientes remitidos desde os servizos de Atención Primaria de Lugo cidade, Baleira, Begonte, Castro de Rei, O Corgo, A Fonsagrada, Friol, Guntín, Meira, Outeiro de Rei, A Pastoriza, Pol, A Pontenova, Ribeira de Piquín e Taboada.

A apertura desta nova sala permitirá reorganizar as axendas e redistribuír as probas de radioloxía simple solicitadas polos profesionais de Atención Primaria, reducindo ao máximo os tempos de espera. Só no pasado ano, no centro da Praza do Ferrol realizáronse 17.238 radiografías convencionais solicitadas polos facultativos de medicina de familia.

COLABORACIÓN

Vergonza

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Etamén estupor, rabia, tristura, ... e algún outro sentimento negativo máis poderíamos engadir trala nova da que se fixeron eco os diversos medios de comunicación, o descubrimento de ducias de inmigrantes africanos en situación irregular que traballaban na recollida de arandos, en Begonte, a carón da autovía A 6.

Resulta abraiante e desconcertante que nos acabemos dando conta anos despois da realidade desa explotación agrícola. Custa caro crer e entender que ninguén

iniciase unha exhaustiva investigación do que alí estaba a pasar. Un segredo a voces que por fin sae á luz, porque as sospeitas eran moitas sobre esa explotación agraria.

Mirouse para outro lado; desde as autoridades locais e as forzas sindicais, ata as organizacións non gubernamentais que agora se afanan en denunciar. A inspección de traballo debería ter actuado e levar a cabo a súa función, que para iso está.

En primeiro lugar, chamaba a atención a orixe das persoas que traballaban recollendo o froito, xa que a práctica totalidade das mesmas, ou ben eran do leste de Europa, principalmente romanesas, ou africanas, sen apenas em-

pregados locais. Claro, din algúns que a xente de aquí non quere traballar, que hai moito lacazán, que non se quere dobrar o lombo, que se prefiren cobrar as paguiñas, o vicio e demais. Algo haberá de todo iso, non o iremos negar, pero se somos quen de reflexionar unha miguiña, concluiremos que as condicións de traballo nese tipo de plantacións adoitan ser, canto menos, cuestionables.

En segundo lugar, cómpre que nos paremos a pensar se esta fórmula é a axeitada no noso agro, se o futuro do campo galego vai ir nesa dirección. Porque a un xiríngalle que sexa unha empresa a oito centos quilómetros de distancia a que arrende varias hectáreas de monte veciñal para des-

tinalo a cultivar arandos, fresas, ou o que se terce. E a continuación, que xurdan de súpeto centos de persoas para recoller o froito, que os traen de sabe Deus onde, que traballen ata a extenuación en xornadas interminables, que os leven descansar a antros e que nunhas semanas desaparezan. Non son uns emprendedores da zona que desenvolven unha idea empresarial, creando postos de traballo de calidade e favorecen a economía da zona, dándolle un valor engadido a todo elo. En absoluto é así, senón todo o contrario, o estilo do señorito andaluz que se cre co dereito de pernada e que está por riba do ben e do mal.

Debemos preguntarnos, final-

mente, se queremos que casos como este sexan habituais no futuro, porque o acontecido é de suma gravidade. Unha situación de semi escravitude estaba tendo lugar diante dos nosos ollos, aproveitándose da vulnerabilidade de inmigrantes sen papeis en regra, polo que non podía existir unha relación contractual, utilizando unha antiga barra americana situada no concello de Ordes, a mais dunha hora de distancia, para que nela fosen durmir. Resulta moi gráfico e significativo a elección da pousada para estes traballadores, outro lugar onde tamén prima o abuso contra a dignidade humana.

O dito, vergoñento, e tamén noxento.

Sobre o parque eólico “Satrebares” (e II)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Neste artigo seguiremos enumerando algunhas das nefastas consecuencias para as poboacións das parroquias de Monterroso e as guitiricenses afectadas polo Parque Eólico “Satrebares”, que por cuestión de espazo non podemos revelar na anterior publicación.

No anterior dicíamos que exportamos case a metade da enerxía que producimos e que a Galiza so traen os proxectos que non queren noutros lugares, de aí que veñan multinacionais, que potenciadas pola Xunta, como Altri, as minas de Touro e os parques eólicos das grandes multinacionais que logo cotizan no paraíso fiscal madrileño para maior gloria de Ayuso, aquí empórcannos o aire, a auga e destruindo os nosos montes e as nosas fontes. Rueda queixase do valeiras que están as aldeas, pero segundo os seus actos dá a impresión de que quere rematar con elas e co sector primario. El sabe que non é democrático, nin ético, que as institucións defendan o interese privado das multinacionais e dos grandes monopolios, que incluso queren subvencionar co noso diñeiro público, violando o interese

xeral das cidadáns. É mais: Aproveita que queda pouca xente, e xa moi maior, para facer estas barbaridades.

Este tipo de “industrias” producen moitos efectos negativos para toda a poboación do seu arredor e, que saiba eu, un positivo, pero que so afecta aos veciños que lle poñan un eólico nunha finca súa, que cobrarían ao ano entre 2.500 a 3.000 euros segundo os megavatios. Quizás por este motivo un directivo da comunidade de montes dos Vilares que debeu deixar a súa conciencia no cordón umbilical, xa fai ano e medio, cando so eles sabían do proxecto e onde ía cada muiño, seica mercou algunha finca para coller ese diñeiro, mentres as fincas que se atopan nun círculo de 200 metros arredor do xerador terán que limpalas os donos sen cobrar nada e non poderán construír nin plantar árbores nelas.

Un efecto negativos xa é ollar eses monstros nos nosos montes, que lle quitan mais da metade do valor ao noso patrimonio porque ninguén ven ver muiños de vento e moito menos vivir cerca deles, pois tamén supoñen un grave perigo, xa que esas moles de mais de 200 metros fan de pararraios, atraendo as tormentas e os lóstregos para cerca das casas e eses raios tamén poden producir incendios no monte, anque é verdade que as pistas poden servir de cortafogos, eles di-



ficultan a extinción, xa que non se poden utilizar helicópteros e ao ter exclusión aérea propia tampouco se poden utilizar avións.

Moitos deles non respectan a normativa da distancia ás casas e teremos que aguantar o enordecedor ruído que emiten, pois si xa é malo de aguantar o producido por eólicos de 60 metros, pensemos en aturar o que producirán os de 200, superando moitas veces o permitido.

O movemento das aspas incluso poden afectar o sinal da televisión e polo “efecto discoteca” poden provocar enfermidades psíquicas, como ansiedade e non poder conciliar o sono, tendo que acudir, nalgúns casos graves, a intervención dun psicólogo. Este efecto pro-

dúcese ao observar a sombra das aspas en movemento, que coma nunha discoteca, ven, vaise, e volve a sombra das seguintes aspas. Nestas moles tan altas, e cando está o sol baixo, ese efecto pode proxectarse a varios quilómetros de distancia.

Ademais destes graves problemas, os veciños e veciñas de Labrada, Buriz, Os Vilares e Guitiriz, terían outro moi gordo, xa que, si ou si, quedarían sen auga para as casas, para as explotacións agrarias e para a vila de Guitiriz, pois ao facer as profundas e anchas zapatas dos eólicos, ao dinamitar as penas, desaparecerían os mananciais das súas traídas.

Este tema foi o que enrabiou aos veciños e ver que a directiva do

monte comunal dos Vilares nin sequera se dignou informar, como querendo deixar que o tempo fixera e despois o feito, feito estaba, colleron firmas para que fixeran unha asemblea e se posicionaran ante tal agresión, pois o seu deber era informar, preguntar aos comuñeiros e defender á maioría, ou dimitir. Isto fixoos andar e convocaron unha asemblea para o sábado 22 de febreiro, mediante unha carta na que tamén informaban que lle ían entregar a cada comuñeiro 2.500 euros, limpos de po e palla, que moitos entenderon como un intento de mercar vontades, pero esa asemblea rematou como o rosario da aurora, pois no segundo punto da orde do día (aprobación da acta anterior), todos os socios e socias, e un directivo, abandonaron o lugar, porque seica non se trataba da anterior, senón que seica era unha mestura de actas anteriores; un directivo dimitiu e os outros quedaron alí co diñeiro que ían repartir no oitavo punto da orde do día.

Esta vez trunfou a dignidade, pero ogallá a avaricia non divida á sociedade e sigamos loitando todas para que non degraden as nosas fincas nin as nosas casas, e os veciños da vila guitiricense e das aldeas dos Vilares, Buriz e Labrada poidan seguir bebendo a auga limpa e pura que mana no cordal de Montouto.

O prometido é débeda: O uso do móbil e das redes sociais

O PUPITRE



Julio Díaz

Remataba o meu último "Pupitre" cun compromiso de falar nesta colaboración dos perigos sociais e do uso adecuado do móbil e das redes sociais nos nosos centros educativos.

Para cumprir coa palabra dada, imos aló. O primeiro ao que

hai que prestar atención é que o uso do móbil non reste tempo a outros aspectos esenciais da vida cotiá como descansar, estudar, xogar en entornas non dixitais, etc.

Os rapaces deben ser conscientes da responsabilidade que supón o uso do móbil e das novas tecnoloxías e das posibles consecuencias legais e riscos para a súa seguridade e a súa intimidade. Moitos deles non están acostumados a saber xestionar e relacionarse a través das re-

des sociais, podendo ser o seu uso unha causa de problemas entre os máis pequenos.

Debemos advertirles dos perigos máis importantes da utilización das novas tecnoloxías: o grooming, onde un adulto gaña a súa confianza cun propósito sexual; o sexting ou intercambio de fotografías ou vídeos de contido erótico entre os propios rapaces ao que logo, en certas ocasións, chega tamén a extorsión; o cyberbullying, que consiste no acoso entre menores coa intención de humillar, atemorizar ou enfadar que, en internet, pode chegar a ter moito mais alcance e facer dano, non só aos menores, senón tamén á familia e amigos; challenges, que son retos perigosos que poden poñer en risco a vida do menor e incorrer nalgún delito; o Happy Slapping, que son gravacións de agresións e difusión en liña. Abordando xa a segunda parte do meu compromiso de falar do bo uso do móbil e das redes sociais nos centros educativos debemos resaltar que non usen o móbil no centro agás cando o pida o profesor. Que non se fotografie nin grave a ninguén sen



O RECUNCHO DE CANELINA



o seu consentimento e, sobre todo, moito coidado con difundir imaxes íntimas ou ofensivas, insultar ou difamar, xa que son delitos moi graves. Se un rapaz sofre ou coñece quen poida estar nunha situación deste tipo debe comunicarllo aos profesores ou a familia.

É fundamental non ser cómplices destas situacións de acoso ou de violencia escolar e non aceptar a calquera nas redes sociais. Para rematar, outros

consellos que son moi importantes ter en conta, son: Non crer todo o que se escribe, ser crítico e reflexionar pero, sobre todo, respectar as diferenzas, analizar detidamente o que se vai publicar e empregar sempre o respecto, sexa cal sexa a canle. Controlar o tempo empregado neste mundo das novas tecnoloxías é fundamental, para non exceder e deixar o espazo adecuado para as relacións persoais.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADE

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

DEPORTES

Álex Iglesia e Ainara Rodríguez gañan o I Reto Sube e Baixa de Abadín

Máis de 130 atletas participaron o sábado pola tarde, aproveitando a celebración da Feira do Grelo, do I Reto Sube e Baixa, que coroou como gañadores absolutos a Álex Iglesia e á mindoniense Ainara Rodríguez, tamén vencedores na categoría sénior.

A carreira, desenvolvida na estrada da Corda, coñecida pola súa forte pendente, desenvolveuse nun circuíto de cinco quilómetros, dos cales a metade foron en costa arriba, para despois realizar a baixada. Alberto Pardo e Inés Méndez lograron a segunda posición na clasificación xeral, mentres que Adrián Paz e Adriana Modia completaron o podio no terceiro posto.

En canto ao resto de categorías, Inés Méndez destacou en sub-18,

mentres que Juan David Prado e Lorena Iglesia se impuxeron en sub-20. Entre os veteranos, os mellores clasificados foron Alberto Pardo e Tamara Amigo no grupo A; Juan Pablo López e Fina Blanco, no B; Manuel Vázquez e Elvira Cereijo, no C; e Mark Johnson, no D.

As categorías infantís tamén tiveron protagonismo, con Francisco Dorado e María Fernández como vencedores en sub-10; Luca Villar e Icíá López en sub-12; Thiago Ceide e Amelia Carrillo en sub-14; e Pedro Moirón e Nerea Braña en sub-16.

A entrega de trofeos contou coa presenza do edil de Deportes, Germán Ramil; a tenente de alcalde, Begoña Cauter; e a concelleira de Servizos Sociais, Tania Rey.

O Castro disputará a final da Copa Galicia co Burela en Semana Santa

Os dous equipos máis fortes do fútbol sala feminino da provincia, o Castro e o Burela, superaron as semifinais da Copa Galicia. Ámbolos dous se clasificaron o martes de Entroido para xogar a final, que se disputará a fin de semana de Semana Santa, o 17 de abril.

O Castro superou ao Poio por 4-1, con goles de Luisa, dous de Daniella e Camila. O equipo chairego logrou facerse cunha renda de 2-0 antes do intermedio e foi na segunda parte cando o rival se achegou. Nos intras finais, o Castro aproveitou dous roubos de balón para completar o resultado. O equipo vermello chegou a semifinais despois de superar ao Vilalba por 0-2 nos cuartos, nos que entrou directamente.

CADETE. O equipo cadete feminino do FSF Castro deu unha importante noticia no día no que se celebraban os dez anos de vida do club, logrou o título de campión do grupo Norte da Liga dúas semanas antes do fin de competición. O Castro venceu con rotundidade (4-0) ao Dental Arias Lugo Sala e mantén unha vantaxe de oito puntos ao Narón, segundo clasificado, que tamén venceu.

Con dúas xornadas aínda por disputarse, o equipo chairego obtivo a praza na semifinal da Liga, que se disputará unha vez rematada a fase de Copa, contra o segundo clasificado do grupo Sur. Os campións de



Liga irán ao Campionato de España. O FSF Castro celebrou este mes o seu décimo aniversario nunha xornada de festa na que case todos os partidos se celebraron na casa. Houbo resultados para todos os gustos, pero primou o achegamento e a camaradería. Ademais, como se suspendeu o partido alevín, as xogadoras, pais e nais e adestradores saíron á pista para xogar un partido inesperado. Ademais, na última xornada de Liga, o equipo cadete feminino do Vilalba

FS logrou o título de subcampión do grupo Norte da Liga na última xornada da competición.

O Vilalba venceu na casa con rotundidade (4-0) ao Parrulo e mantén unha vantaxe de un punto co terceiro, o Narón.

O equipo chairego xa ten tamén unha das catro prazas na semifinal da Liga e deberá loitar contra o primeiro clasificado do grupo Sur. Tamén optará ao Campionato de España.



A Ruta BTT Terra Chá San Simón da Costa volve o 5 de abril xunto coa feira

O sábado 5 de abril, volverá celebrarse a Ruta BTT do Club Ciclista Terra Chá, coincidindo coa celebración da Feira do Queixo San Simón da Costa. Para este 2024 a organización ten preparadas tres distancias e niveis de dificultade de 72, 55 e 40 quilómetros que percorreren os concellos de Vilalba, Muras e Xermade. O máis curto é o único apto para bicicleta gravel. Os desniveis serán de 2000 metros na primeira ruta 1.400 na segunda e 700 na terceira.

Este ano sairase ás 9:00 horas desde a Praza da Constitución, durante a celebración da feira.

Aqueles que participen contarán con abundantes avituallamentos, servizo médico e servizo de asistencia mecánica en ruta.

Haberá un agasallo para o primeiro, segundo e terceiro participante da categoría masculina na distancia longa e para a primeira, segunda e terceira participante da categoría feminina na distancia longa, polo que terán que acreditar ter realizado todo o percorrido mediante Strava. Tamen haberá agasallo para o club máis numeroso e para o participante de maior idade.

As inscricións xa están abertas en CCnorte.com ata o 1 de abril. O prezo é de 25 euros e as prazas están limitadas a 300 persoas maiores de 15 anos.

A Ruta BTT Queixo San Simón da Costa é xa unha proba cicloturista consolidada no calendario deportivo da provincia.

Sachas confirma o seu liderato e gaña na última xornada de billarda

Por Daniel Rodríguez Saavedra

Despois de adiala por mor do mal tempo, aínda que con vento racheado puidemos rematar a sétima xornada e poñernos ao día no calendario.

O cambio de data fixo estragos na participación de moitos e notables palanadores que tiñan compromisos previos; aínda con todo foi unha moi emocionante e competida xornada. O Troita Brava Sachas comezou forte e só cedeu dous puntos nunha carreira, rematando con 23, Félix e José María (dous Billardeiros Musicais) seguiron de preto e con 21 puntos cada un ocuparon a segunda e terceira praza no podio.

En donas foi Cris de Castiñeiro Milenario a mellor, por diante de Pamela (Troitas Bravas) e de Milagros (Carabullo).



En infantís, Mateu (Madia Leva) non tivo atrancos para subir máis unha volta o podio. Por detrás del estiveron os Troitiñas Mateo e Martín.

En equipos, moi competida xornada e só por un punto (80 e 79) Billardeiros Musicais superaron a Troitas

Bravas e xa algo máis lonxe Carabullo (66) foi terceiro. Fixo a entrega de agasallos J. Antonio Martínez Rodríguez (Antón), concelleiro de deportes de Castropol, que desta volta non puido participar xogando por mor dunha lesión.

A Copa Deputación escolle os equipos que xogarán en oitavos

A Copa Deputación tivo xornada para as categorías de Segunda e Terceira esta fin de semana aproveitando a celebración do descanso de Entroido na Liga Regular. Así, foi como se escolleron os dezaseis equipos que disputarán a fase de oitavos o día 23 deste mesmo mes. Dentro da categoría de Segunda, os enfrontamentos entre equipos de igual categoría deixaron como vencedores ao Riotorto, que se desfixo dun Iberia que non está tendo unha boa tempada, e o San Roque, que superou ao Chantada B. Nos dous casos venceron por 3-1. Ademais, o Becerreá venceu pola mínima ao Friol e o Santa

Comba tivo que chegar aos penaltis para facerse coa clasificación ante o Antas.

Partidos entre equipos de Terceira non houbo, pero si tiveron lugar algunhas vitorias dos da categoría inferior que superaron aos de Segunda. Este foi o caso do Corgo, que superou ao Palas por 2-0; o do Castrovirde, que está a un paso do ascenso, que venceu 3-1 ao Casás, ou a contundencia coa que o Cazás eliminou ao Cospeito (4-1). Neste grupo tamén se inclúe a goleada do recentemente ascendido Goiriz ao Barreiros (5-3).

Nos outros oito resultados que faltan foron os equipos de Segunda os que

venceron aos de Terceira. O resultado máis avultado foi para o Páramo, que superou 0-4 ao Chantada Atlético B, o Folgueiro, líder provisional do Norte, que superou ao Celeiro por 0-3, o mesmo resultado que se levou o Paradela ante o Monterroso B. O Lemos B fíxose coa clasificación ante o Carballedo por 1-3 e o Brollón ante o Taboada B por 1-2.

A Piringalla colleu o pase grazas a un único gol ante o Abadín e á quenda de penaltis foron o Catro Roldas e o Pontenova, que empataron a uns, o mesmo que o Matela-Cabreiros. Neste último caso chegaron a tirarse ata 26 penaltis para que o equipo de Xermade se levase a vitoria.

O VF Challenge Moto Race abriu a tempada en Outeiro de Rei

Os amantes da velocidade xa poden marcar as datas no calendario, xa que o VF Challenge Moto Race xa ten en marcha o seu programa de competicións para a tempada 2025. A acción arrincou en febreiro, en Outeiro de Rei, cun test de pretempada, antes do comezo oficial das carreiras puntuables. Celebrouse tamén a presentación oficial de Copa VF90, un evento que marcou o inicio dunha nova tempada de competicións no mundo do motociclismo. Organizado no marco do VF Challenge Moto Race este evento reuniu a pilotos de diferentes categorías

nunha xornada de pura acción como unha seda. Os participantes tiveron a oportunidade de poñer a proba as súas motocicletas e afinar a súa técnica no circuíto, preparándose para a competición oficial. Ademais, a presentación da Copa VF90 ofreceu detalles clave sobre o campionato. Os afeccionados ao motociclismo puideron gozar dun espectáculo cheo de adrenalina, con modalidades como Supermoto, Pitmotard, Mínimotos GP Sport e Minivelocidad.

O campionato incluírá seis probas principais en diferentes localizacións.

A primeira será nas Pontes, a fin de semana do 15 e 16 de marzo, e a penúltima, o 6 e 7 de setembro.

O 10 e 11 de maio está prevista unha sesión pero nun circuíto por determinar e o 7/8 de xuño estarán na Pastoriza. A seguinte cita será o 12/13 de xullo, en Outeiro de Rei.

Como broche final da tempada, celebrárase o Gran Premio de Resistencia VF os días 4 e 5 de outubro, con localización aínda por confirmar.

O certame contará con diversas categorías, entre elas Minimotos, Minivelocidad, Pitmotard, GP Sport e Supermoto.

Begonte prepárase para a VIII Carreira 7K o 29 de xuño

Begonte acollerá o domingo 29 de xuño a VIII Carreira Popular Begonte 7K, unha cita xa consolidada no calendario deportivo da comarca. O evento contará con diferentes categorías, incluíndo a carreira absoluta, andaina e probas para menores, adaptadas a distintas idades e distancias. As persoas interesadas en participar poderán inscribirse ata o 26 de xuño ás 23:59 horas a través da web www.ccnorte.com. A proba estrela será a carreira absoluta de 7 quilómetros, que dará comezo ás 11:00 horas e contará con categorías sénior e veteranos/as. Tamén haberá unha andaina, que arrancará ás 10:00 horas, así como carreiras menores con distancias adaptadas segundo o ano de nacemento. Ao remate da entrega de premios, haberá aperitivos para todos os participantes.

Unión do Norte buscou a mellor clasificación para as semifinais da Galega

O equipo Unión do Norte, formado polas categorías de academia do Muralla R.C. e que compite xunto a Capóns de Vilalba, Astérix de Viveiro e Fendetestas de As Pontes, citouse en Vigo co obxectivo de lograr unha boa clasificación na segunda fase da Liga Galega para afrontar as semifinais con máis opcións.

Ambos os equipos, Sub 14 e Sub 18, xogaron nos grupos de cabeza da segunda fase da liga e xa teñen asegurada a súa participación nas semifinais. Non obstante, buscaban mellorar a súa clasificación para contar con máis posibilidades nesta fase crucial da competición.

O equipo Sub 14 arrincou a segunda fase como segundo clasificado da liga regular, cunha soa derrota, ante

o CRAT de Coruña. A pesar desta derrota, os M14 manteñen a segunda posición do grupo, despois de perder contra o líder Vigo. O próximo enfrontamento será contra o CRAT de Coruña, nun partido clave para asegurar a súa posición.

Pola súa parte, o equipo Sub 18 afrontou o seu terceiro partido desta segunda fase dende a terceira posición e, finalmente, logrou clasificarse como terceiro. Agora xogaranse o pase á final nas semifinais contra Mareantes, que se disputarán o próximo 8 de marzo.

Con estes resultados, Unión do Norte segue demostrando a súa solidez e motivación de cara as próximas semanas, na busca de alcanzar o éxito nas semifinais da Liga Galega.



O CD Dez Portas de Polxa compite na Primeira División Feminina

O CD Dez Portas segue dando pasos firmes cara ao seu obxectivo de se converter no equipo de referencia da provincia e posicionarse entre os grandes de Galicia.

Nesta tempada, o club deu un paso importante ao competir na Primeira División Nacional Feminina co seu equipo, o CD Dez Portas Concello de Pol, un proxecto que foi posible grazas ao apoio do propio Concello de Pol, onde o equipo ten a súa sede e xoga os seus partidos como local.

O cadro de xogadoras do equipo está formado por Sabela López, Ella Shavit, Alicia Concheiro, Carla Fernández, Lucero Robles, María Saavedra e Noelia Teijeiro, un grupo de xogadoras que demostraron o seu talento e esforzo en cada partido.

A estas alturas da tempada, o equipo ocupa o sexto posto na clasificación,

situándose a metade da táboa, polo que o CD Dez Portas está demostrando o seu crecemento e ambición, loitando por un posto nos primeiros postos que lles permita acceder á loita polo ascenso, un logro que sería todo un éxito no seu primeiro ano de competición nesta categoría.

O club, xunto co Concello de Pol, tamén está apostando polo Tenis de Mesa. Unha vez que as instalacións estean dispoñibles, ofreceranse xornadas de portas abertas dirixidas por membros do club, facilitando o acceso a todos e todas os veciños e veciñas que desexen practicar este deporte.

Ademais, trabállase para levar a Mosteiro un torneo federado e afeccionado de Tenis de Mesa, o que podería ser unha gran oportunidade para fomentar a práctica deste deporte na comarca.



30 persoas participaron na primeira saída do ano do BTTeando por Guitiriz

O programa BTTeando por Guitiriz reuniu a máis de 30 participantes na Ruta da Ruxida, a primeira saída do ano 2025 da iniciativa posta en marcha polo Concello e o Club Btteiros Cova da Serpe.

A saída tivo lugar o domingo 9 de febreiro e congregou a un importante número de participantes, sobre todo tendo en conta as condicións climatolóxicas adversas, xa que a chuva estivo presente durante toda a xornada.

Os asistentes comezaron o percorrido ás 10:00 horas desde o Campo da Feira de Guitiriz, mesmo punto no que foi a chegada varias horas despois, cando remataron os 23 quilómetros que os levaron a visitar o Muíño da Ruxida e a súa ferverza. A próxima saída da sétima edición do programa BTTeando por Guitiriz está programada dentro dun mes, coa Ruta Á Cova da Serpe, que nun principio terá lugar o domingo 16 de marzo.

DE RUTA EN RUTA

De Lugo a Friol por A Retorta e Cotá

Transítase todo o tempo por antigas corredeiras que introducen ao camiñante na Galicia máis rural e auténtica

Aruta de Lugo a Friol, por A Retorta e Cotá, é unha viaxe única que permite descubrir a Galicia máis auténtica. Cunha combinación perfecta de natureza, patrimonio e cultura rural, este sendeiro convértese nunha opción excelente tanto para sendeiristas experimentados como para aqueles que buscan unha aventura distinta.

Este itinerario, duns 22 quilómetros de lonxitude, ofrece unha viaxe fascinante a través de corredeiras antigas, pontes medievais, aldeas con encanto e paisaxes que combinan a forza da natureza co legado histórico.

A ruta pode completarse en aproximadamente 6 a 7 horas a pé ou en 2 horas en bicicleta de montaña. Non obstante, o camiño presenta tramos máis esixentes que outros, polo que é recomendable levar calzado axeitado e prever paradas para descansar e gozar da contorna.

O percorrido arranca preto da ponte romana en Lugo, seguindo unha senda que se achega ao río Miño. O primeiro tramo discorre por pistas de terra e pequenas vías secunda-



rias, ata enlazar co Sendeiro Segade. Este camiño de madeira, ben sinalizado, permite gozar dun percorrido natural entre vexetación e marxes fluviais, cruzando varias pasarelas de madeira sobre o río Mera.

Ao saír do sendeiro, atopamos un pequeno tramo asfaltado que pronto nos devolve a camiños tradicionais. Aquí, a paisaxe cambia e introducéonos no rural profundo, lonxe do ruído da cidade e rodeado de vexetación autóctona.

Ao chegar á aldea de O Veral, a ruta mantén o seu carácter rústico, avanzando por unha pista de terra que nos leva cara a unha ponte sobre o río Mera. Esta parte do percorrido é unha das máis exixentes, con algunhas costas e zonas con pouca sombra, especialmente ao atravesar A Mera.

A pesar da súa dificultade, este tramo permite descubrir a esencia do rural galego, pasando por pequenas aldeas con vivendas de pedra

e leiras traballadas polos veciños. Ademais, nalgúns zonas pódese atopar gando pacendo, dándolle un aire auténtico á experiencia.

Unha das paradas máis interesantes do camiño atópase en Matelo. Aquí, unha fonte permite repoñer forzas antes de continuar o percorrido. Neste punto, hai dúas opcións, tomar un desvío cara a Bóveda, onde se atopa un santuario tardo-romano do século III ou continuar polo camiño principal, pasando por corredeiras ben conservadas e antigas vías de comunicación.

O percorrido segue cara á Retorta, onde o camiño se interna entre casas tradicionais e antigos sendeiros de pedra. Esta zona destaca pola súa beleza paisaxística, con amplas vistas dos vales e montes circundantes.

Ao chegar a Cotá, o camiñante atopa unha pequena aldea que conserva moitos elementos do pasado.



Entre os puntos de interese destaca un dolmen ben conservado, o dolmen da Mouruxosa, que lembra a ocupación prehistórica da zona.

Ademais, Cotá ofrece servizos de restauración e comercio grazas á rede de Comercio Rural Galego. Neste punto, é posible facer unha parada para probar algunha espe-

cialidade local ou descansar antes do último tramo cara a Friol.

O último tramo da ruta lévanos ata Friol, un lugar ideal para concluír a xornada. Este concello ofrece múltiples servizos, incluíndo farmacias, supermercados, bares e restaurantes onde degustar pratos típicos da gastronomía galega.



DATOS



5-6 horas



22 quilómetros



Dificultade media



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



formación integral de empresas

Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05